

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**11722** *Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.*

A disposición derradeira segunda da Lei 6/2014, do 7 de abril, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, autoriza o Goberno para aprobar, no prazo de dezaioito meses a partir da súa entrada en vigor, que tivo lugar, con carácter xeral, o 9 de maio de 2014, un texto refundido en que se integren, debidamente regularizados, aclarados e harmonizados, o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e as leis que o modificaron, incluídas as disposicións das leis modificativas que non se incorporaron a aquel.

De acordo coa citada habilitación, elaborouse este texto refundido, seguindo os criterios que a continuación se expoñen.

En primeiro lugar, recompiláronse as numerosas normas que modificaron o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, co obxecto de valorar as disposicións recollidas na parte final de cada unha delas, coa finalidade de incorporar aquelas cuxa aplicación está en vigor e que, polo seu contido, deben formar parte deste texto refundido, o que fixo necesario ordenalas e numeralas todas de novo.

En segundo lugar, actualizouse e revisouse o vocabulario utilizado, incluídas cuestións gramaticais, ao mesmo tempo que se realizou un exhaustivo labor para unificar o uso de certos termos que se viñan usando ao longo do texto de maneira diferente, co obxecto de dotalo da necesaria cohesión interna.

Ademais, entre as melloras técnicas, cómpre sinalar os cambios realizados no modo en que se ordena o articulado, algúns deles cun contido denso e longo, resultado das numerosas modificacións polas que se viu afectado. Neste sentido, dividíronse preceptos extensos en varios artigos, e destaca a nova forma en que se regulan as infraccións, que pasaron a ocupar un artigo independente en función da súa gravidade.

Tamén cabe destacar a nova ordenación en artigos diferentes dunha serie de cuestións de especial transcendencia para os cidadáns como é a perda e recuperación de puntos, así como a perda de vixencia das autorizacións para conducir, xa sexa por desaparición dos requisitos para o seu outorgamento ou por perda do crédito de puntos, coa conseguinte obtención de nova autorización.

Actualmente, estas materias regulábanse dunha maneira un tanto confusa, en preceptos demasiado longos ou mesmo parcialmente en anexos que dificultaban a súa comprensión, por non teren a necesaria coherencia ao regular unha materia.

En consonancia, axustouse a numeración dos artigos e, polo tanto, as remisións e concordancias entre eles.

En terceiro lugar, adaptouse o seu contido á recente modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que converte o BOE nun taboleiro de edictos único, co cal pasa a ser voluntaria a publicación no taboleiro de edictos de sancións de tráfico.

En cuarto lugar, incluíuse a transposición da Directiva (UE) 2015/413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2015, pola que se facilita o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguranza viaria,

que se recollera na disposición derradeira segunda da Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, a cuxa derogación se procede por entender que, polo seu contido, se debía integrar neste texto refundido.

Por último, incluíronse algúns cambios, todos eles tendo presente que a capacidade de innovación a través deste texto refundido se limita ao labor de regularización, aclaración e harmonización de textos legais, conforme o disposto no artigo 82.5 da Constitución española, por canto a autorización ao Goberno non se circunscribe á mera formulación dun texto único.

Para isto, en liña coa xurisprudencia constitucional, estes cambios limitáronse a encher lagoas, eliminar discordancias e antinomias detectadas na regulación precedente, co obxectivo de lograr así que o texto refundido resulte coherente e sistemático, ademais de introducir normas adicionais e complementarias necesarias para precisar o seu sentido, conforme os debidos límites de actuación e sen exceder, en ningún caso, o que suporía unha vulneración da autorización do lexislador.

O Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable emitiu informe sobre esta norma, de conformidade co disposto no artigo 8.2.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2015,

#### DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.*

Apróbase o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Referencias normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

En particular, as referencias ao Consello Superior de Seguranza Viaria entenderanse realizadas ao Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

As medidas contidas nesta norma atenderanse cos medios persoais e materiais existentes e en ningún caso poderán xerar incremento de gasto público.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, así como as leis que o modificaron, incluídas as disposicións das leis modificativas que non se incorporaron a aquel.

En particular, queda derogada a disposición derradeira quinta da Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, no que afecta a entrada en vigor do contido da disposición derradeira segunda da mesma Lei 35/2015, do 22 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, o capítulo V «Intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico» do título V «Régime sancionador», así como os anexos V, VI e VII, entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ

## TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURANZA VIARIA

### ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Conceptos básicos.
- Título I. Exercicio e coordinación das competencias sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.
  - Capítulo I. Competencias.
    - Artigo 4. Competencias da Administración xeral do Estado.
    - Artigo 5. Competencias do Ministerio do Interior.
    - Artigo 6. Organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.
    - Artigo 7. Competencias dos municipios.
  - Capítulo II. Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable.
    - Artigo 8. Composición e funcións.
  - Capítulo III. Conferencia Sectorial de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable.
    - Artigo 9. Conferencia Sectorial de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable.
- Título II. Normas de comportamento na circulación.
  - Capítulo I. Normas xerais.
    - Artigo 10. Usuarios, condutores e titulares de vehículos.
    - Artigo 11. Obrigacións do titular do vehículo e do condutor habitual.
    - Artigo 12. Obras e actividades prohibidas.
    - Artigo 13. Normas xerais de conducción.
    - Artigo 14. Bebidas alcohólicas e drogas.
  - Capítulo II. Circulación de vehículos.
    - Sección 1.<sup>a</sup> Lugar na vía.
      - Artigo 15. Sentido da circulación.
      - Artigo 16. Utilización dos carrís.
      - Artigo 17. Utilización da beiravía.
      - Artigo 18. Supostos especiais do sentido de circulación e restricións.
      - Artigo 19. Refuxios, illas ou dispositivos de guía.
      - Artigo 20. Circulación en autoestradas e autovías.
    - Sección 2.<sup>a</sup> Velocidade.
      - Artigo 21. Límites de velocidade.
      - Artigo 22. Distancias e velocidade exixible.
    - Sección 3.<sup>a</sup> Preferencia de paso.
      - Artigo 23. Normas xerais.
      - Artigo 24. Tramos estreitos e de gran pendente.
      - Artigo 25. Condutores, peóns e animais.

Artigo 26. Cesión de paso e interseccións.

Artigo 27. Vehículos en servizo de urxencia.

Sección 4.<sup>a</sup> Incorporación á circulación.

Artigo 28. Incorporación de vehículos á circulación.

Artigo 29. Condución de vehículos en tramo de incorporación.

Sección 5.<sup>a</sup> Cambios de dirección, de sentido e marcha atrás.

Artigo 30. Cambios de vía, calzada e carril.

Artigo 31. Cambios de sentido.

Artigo 32. Marcha atrás.

Sección 6.<sup>a</sup> Adiantamento.

Artigo 33. Normas xerais.

Artigo 34. Precaucións previas.

Artigo 35. Execución.

Artigo 36. Vehículo adiantado.

Artigo 37. Prohibicións.

Artigo 38. Supostos especiais.

Sección 7.<sup>a</sup> Parada e estacionamento.

Artigo 39. Normas xerais.

Artigo 40. Prohibicións.

Sección 8.<sup>a</sup> Cruzamento de pasos a nivel e pontes levadizas.

Artigo 41. Normas xerais.

Artigo 42. Bloqueo de pasos a nivel.

Sección 9.<sup>a</sup> Utilización das luces.

Artigo 43. Uso obrigatorio.

Sección 10.<sup>a</sup> Advertencias dos condutores.

Artigo 44. Normas xerais.

Capítulo III. Outras normas de circulación.

Artigo 45. Portas.

Artigo 46. Apagado de motor.

Artigo 47. Cinto, casco e restantes elementos de seguranza.

Artigo 48. Tempos de descanso e condución.

Artigo 49. Peóns.

Artigo 50. Animais.

Artigo 51. Obrigacións en caso de accidente ou avaría.

Artigo 52. Publicidade.

Título III. Da sinalización.

Artigo 53. Normas xerais.

Artigo 54. Preferencia.

Artigo 55. Formato.

Artigo 56. Lingua.

Artigo 57. Mantemento.

Artigo 58. Retirada, substitución e alteración.

## Título IV. Autorizacións administrativas.

### Capítulo I. Autorizacións en xeral.

Artigo 59. Normas xerais.

Artigo 60. Domicilio e enderezo electrónico viario (EEV).

### Capítulo II. Autorizacións para conducir.

Artigo 61. Permisos e licenzas de condución.

Artigo 62. Centros de formación e recoñecemento de condutores.

Artigo 63. Asignación de puntos.

Artigo 64. Perda de puntos.

Artigo 65. Recuperación de puntos

### Capítulo III. Autorizacións relativas aos vehículos.

Artigo 66. Permisos de circulación.

Artigo 67. Outra documentación.

Artigo 68. Matrículas.

Capítulo IV. Nulidade, lesividade e perda de vixencia da autorización. Obtención dun novo permiso ou licenza de condución.

Artigo 69. Nulidade e lesividade.

Artigo 70. Perda de vixencia por desaparición dos requisitos para o seu outorgamento.

Artigo 71. Perda de vixencia por perda do crédito de puntos. Obtención dun novo permiso ou licenza de condución.

Artigo 72. Suspensión cautelar.

Artigo 73. Obtención dun novo permiso ou licenza de condución posterior á sentenza penal de privación do dereito a conducir vehículos de motor.

## Título V. Réxime sancionador.

### Capítulo I. Infraccións.

Artigo 74. Disposicións xerais.

Artigo 75. Infraccións leves.

Artigo 76. Infraccións graves.

Artigo 77. Infraccións moi graves.

Artigo 78. Infraccións en materia de aseguramento obrigatorio.

Artigo 79. Infraccións en materia de publicidade.

### Capítulo II. Sancións.

Artigo 80. Tipos.

Artigo 81. Graduación.

### Capítulo III. Responsabilidade.

Artigo 82. Responsables.

### Capítulo IV. Procedemento sancionador.

Artigo 83. Garantías procedementais.

Artigo 84. Competencia.

Artigo 85. Actuacións administrativas e xurisdicionais penais.

Artigo 86. Incoación.

Artigo 87. Denuncias.

Artigo 88. Valor probatorio das denuncias dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

Artigo 89. Notificación da denuncia.

Artigo 90. Práctica da notificación das denuncias.

Artigo 91. Notificacións no Boletín Oficial del Estado (BOE).

Artigo 92. Taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra).

Artigo 93. Clases de procedementos sancionadores.

Artigo 94. Procedemento sancionador abreviado.

Artigo 95. Procedemento sancionador ordinario.

Artigo 96. Recursos no procedemento sancionador ordinario.

Capítulo V. Intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico.

Artigo 97. Procedemento para o intercambio transfronteirizo de información.

Artigo 98. Infraccións.

Artigo 99. Punto de contacto nacional.

Artigo 100. Intercambio de datos.

Artigo 101. Carta de información.

Artigo 102. Documentos.

Capítulo VI. Medidas provisionais e outras medidas.

Artigo 103. Medidas provisionais.

Artigo 104. Inmovilización do vehículo.

Artigo 105. Retirada e depósito do vehículo.

Artigo 106. Tratamento residual do vehículo.

Artigo 107. Limitacións de disposición nas autorizacións administrativas.

Capítulo VII. Execución das sancións.

Artigo 108. Execución.

Artigo 109. Execución da sanción de suspensión das autorizacións.

Artigo 110. Cobramento de multas.

Artigo 111. Responsables subsidiarios do pagamento de multas.

Capítulo VIII. Prescrición, caducidade e cancelación de antecedentes.

Artigo 112. Prescrición e caducidade.

Artigo 113. Anotación e cancelación.

Título VI. Rexistro Nacional de Víctimas de Accidentes de Tráfico.

Artigo 114. Creación.

Artigo 115. Finalidade.

Disposición adicional primeira. Permisos e licenzas de condución nas comunidades autónomas con lingua cooficial.

Disposición adicional segunda. Comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición adicional terceira. Cursos para condutores profesionais.

Disposición adicional cuarta. Obrigación de destinar as sancións económicas ao financiamento de seguranza viaria, prevención de accidentes de tráfico e axuda ás vítimas.

Disposición adicional quinta. Notificacións en comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición adicional sexta. Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Disposición adicional sétima. Responsabilidade en accidentes de tráfico por atropelos de especies cinexéticas.

Disposición adicional oitava. Documentación correspondente a outras administracións públicas.

Disposición adicional novena. Baixa definitiva por traslado do vehículo a outro país.

Disposición adicional décima. Actividades industriais e seguraza viaria.

Disposición adicional décimo primeira. Integración e coordinación de notificacións a través do taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra) e do enderezo electrónico viario (EEV).

Disposición transitoria primeira Matriculación definitiva de vehículos en España.

Disposición transitoria segunda. Práctica das notificacións no enderezo electrónico viario.

Disposición transitoria terceira. Límites de velocidade para vehículos de tres rodas asimilados a motocicletas.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Habilitacións normativas.

Disposición derradeira terceira. Habilitación ao ministro do Interior.

Anexo I. Conceptos básicos.

Anexo II. Infraccións que comportan a perda de puntos.

Anexo III. Cursos de sensibilización e reeducación viaria.

Anexo IV. Cadro de sancións e puntos por exceso de velocidade.

Anexo V. Datos de busca a que poderán acceder os órganos competentes españois.

Anexo VI. Datos que facilitarán os órganos competentes españois.

Anexo VII. Carta de información.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o tráfico, a circulación de vehículos de motor e a seguraza viaria.

2. Para tal efecto regula:

a) O exercicio das competencias que, de acordo coa Constitución española e cos estatutos de autonomía, corresponden en tales materias á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos nesta materia, así como a determinación das que corresponden en todo caso ás entidades locais.

b) As normas de circulación para os vehículos, así como as que por razón de seguraza viaria rexen para a circulación de peóns e animais polas vías de utilización xeral, e establece, para tal efecto, os dereitos e as obrigacións dos usuarios das ditas vías.

c) Os elementos de seguraza activa e pasiva e o seu réxime de utilización, así como as condicións técnicas dos vehículos e das actividades industriais que afectan de maneira directa a seguraza viaria.

d) Os criterios de sinalización das vías de utilización xeral.

e) As autorizacións que, para garantir a seguraza e a fluidez da circulación, outorga a Administración con carácter previo á realización de actividades relacionadas coa circulación de vehículos, especialmente de motor, así como as medidas cautelares que adopte co mesmo fin.

f) As infraccións derivadas do incumprimento das normas establecidas e as sancións aplicables a estas, así como o procedemento sancionador nesta materia.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Os preceptos desta lei son aplicables en todo o territorio nacional e obrigan os titulares e usuarios das vías e terreos públicos aptos para a circulación, tanto urbanos como



interurbanos, os das vías e terreos que, sen teren tal aptitude, sexan de uso común e, na falta doutras normas, os titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Artigo 3. *Conceptos básicos.*

Para os efectos desta lei e das súas disposicións complementarias, os conceptos básicos sobre vehículos, vías públicas e usuarios delas son os previstos no seu anexo I.

## TÍTULO I

### Exercicio e coordinación das competencias sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria

#### CAPÍTULO I

#### Competencias

Artigo 4. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

Sen prexuízo das competencias que teñan asumidas as comunidades autónomas, e ademais das que se asignan ao Ministerio do Interior no artigo seguinte, corresponde á Administración xeral do Estado:

- a) A aprobación da normativa técnica básica que afecte de maneira directa a seguranza viaria.
- b) A homologación previa, se for o caso, dos elementos dos vehículos, remolques e semirremolques que afecten a seguranza viaria, así como ditar instrucións e directrices en materia de inspección técnica de vehículos.
- c) A aprobación das normas básicas e mínimas para a programación da educación viaria nas distintas modalidades do ensino.
- d) A determinación do cadro das enfermidades e discapacidades que inhabilitan para conducir e os requisitos sanitarios mínimos para efectuar os recoñecementos para a súa detección, así como a inspección, control e, se for o caso, suspensión ou peche dos establecementos dedicados a esta actividade.
- e) A determinación das drogas que poidan afectar a conducción, así como das probas para a súa detección e, se for o caso, os seus niveis máximos.
- f) A coordinación da prestación da asistencia sanitaria nas vías públicas ou de uso público.
- g) A subscrición de tratados e acordos internacionais relativos á seguranza dos vehículos e das súas partes e pezas, así como ditar as disposicións pertinentes para implantar en España a regulamentación internacional derivada destes.
- h) A regulación daquelas actividades industriais que teñan unha incidencia directa sobre a seguranza viaria e, en especial, a dos talleres de reparación de vehículos.
- i) A regulación do transporte de persoas e, especialmente, o transporte escolar e de menores, para os efectos relacionados coa seguranza viaria.
- j) A regulación do transporte de mercadorías, especialmente, o de mercadorías perigosas, perecedoiras e contedores, de acordo coa regulamentación internacional, para os efectos relacionados coa seguranza viaria.

Artigo 5. *Competencias do Ministerio do Interior.*

Sen prexuízo das competencias que teñan asumidas as comunidades autónomas e das previstas no artigo anterior, corresponde ao Ministerio do Interior:

- a) A expedición e revisión dos permisos e licenzas para conducir vehículos de motor e ciclomotores e da autorización especial para conducir vehículos que transporten

mercadorías perigosas, cos requisitos sobre coñecementos, aptitudes técnicas e psicofísicas e periodicidade que se determinen regulamentariamente, así como a declaración da nulidade, lesividade ou perda de vixencia daqueles.

b) A troca, de acordo coas normas regulamentarias aplicables, dos permisos de condución e da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas expedidos no ámbito militar e policial polos correspondentes no ámbito civil, así como a troca, a inscrición ou a renovación dos permisos expedidos no estranxeiro, cando así o prevexa a lexislación vixente.

c) As autorizacións de apertura de centros de formación de condutores e a declaración de nulidade, lesividade ou perda de vixencia daquelas, así como os certificados de aptitude e autorizacións que permitan acceder á actuación profesional en materia de ensino da condución e a acreditación da destinada ao recoñecemento das aptitudes psicofísicas dos condutores, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se determinen.

d) A matriculación e expedición dos permisos de circulación dos vehículos de motor, remolques, semirremolques e ciclomotores, así como a declaración de nulidade, lesividade ou perda de vixencia dos ditos permisos, nos termos que regulamentariamente se determinen.

e) As autorizacións ou permisos temporais e provisionais para a circulación de vehículos.

f) As normas especiais que posibiliten a circulación de vehículos históricos e fomenten a conservación e restauración dos que integran o patrimonio histórico.

g) A retirada dos vehículos da vía fóra de poboación e a baixa temporal ou definitiva da circulación dos ditos vehículos.

h) Os rexistros de vehículos, de condutores e infractores, de profesionais do ensino da condución, de centros de formación de condutores, dos centros de recoñecemento destinados a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores e de manipulación de placas de matrícula, nos termos que regulamentariamente se determinen.

i) A vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguranza nas ditas vías.

j) A denuncia e sanción das infraccións por incumprimento da obrigaición de someterse á inspección técnica de vehículos, así como ás prescricións derivadas daquela, e por razón do exercicio de actividades industriais que afecten de maneira directa a seguranza viaria.

k) A regulación, ordenación e xestión do tráfico en vías interurbanas e en travesías, e o establecemento para estas últimas fórmulas de cooperación ou delegación coas entidades locais, e sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros departamentos ministeriais.

l) As directrices básicas e esenciais para a formación e actuación dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, sen prexuízo das atribucións das corporacións locais, con cuxos órganos se instrumentará, de común acordo, a colaboración necesaria.

m) A autorización de probas deportivas que teñan que celebrarse utilizando en todo ou parte do percorrido estradas estatais ou travesías, logo do informe das administracións titulares das vías públicas afectadas, e emitir informe, con carácter vinculante, sobre as que vaian conceder outros órganos autonómicos ou municipais, cando teñan que circular por vías públicas ou de uso público en que a Administración xeral do Estado ten atribuída a ordenación, a xestión, o control e a vixilancia do tráfico.

n) O peche á circulación de estradas ou tramos delas por razóns de seguranza ou fluidez do tráfico ou a restrición nelas do acceso de determinados vehículos por motivos ambientais, nos termos que regulamentariamente se determinen.

ñ) A coordinación da estatística e a investigación de accidentes de tráfico, así como as estatísticas de inspección técnica de vehículos, en colaboración con outros organismos oficiais e privados, nos termos que regulamentariamente se determinen.

o) A realización das probas regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por drogas, dos condutores que circulen polas vías públicas en que ten atribuída a ordenación, a xestión, o control e a vixilancia do tráfico.

p) A contratación da xestión dos cursos de sensibilización e reeducación viaria que deben realizar os condutores como consecuencia da perda parcial ou total dos puntos que lles fosen asignados, a elaboración do contido dos cursos, así como a súa duración e requisitos. A dita contratación realizarase de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

q) A garantía de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, especialmente na súa calidade de condutores, en todos os ámbitos regulados nesta lei.

#### Artigo 6. *Organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.*

1. O Ministerio do Interior exerce as competencias relacionadas no artigo anterior a través do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. Para o exercicio das competencias atribuídas ao Ministerio do Interior en materia de regulación, ordenación, xestión e vixilancia do tráfico, así como para a denuncia das infraccións ás normas contidas nesta lei, e para os labores de protección e auxilio nas vías públicas ou de uso público, actuará, nos termos que regulamentariamente se determinen, a Garda Civil, especialmente a súa Agrupación de Tráfico, que para estes efectos depende especificamente do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

#### Artigo 7. *Competencias dos municipios.*

Corresponde aos municipios:

a) A regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a sanción destas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

b) A regulación mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.

c) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non dispoñan de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan a autorización concedida, até que se logre a identificación do seu condutor.

A retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo para a circulación, ou se encontren incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo. As bicicletas só poderán ser retiradas e levadas ao correspondente depósito se están abandonadas ou se, estando amarradas, dificultan a circulación de vehículos ou persoas ou danan o mobiliario urbano.

Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o seu posterior depósito, nos termos que regulamentariamente se determinen.

d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo núcleo urbano, exceptuadas as travesías.

e) A realización das probas a que alude o artigo 5.o) nas vías urbanas, nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) O peche de vías urbanas cando sexa necesario.

g) A restrición da circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos ambientais.

## CAPÍTULO II

**Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable**Artigo 8. *Composición e funcións.*

1. O Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable é o órgano de consulta e participación para o impulso e mellora do tráfico, a seguranza viaria e a mobilidade sustentable e para promover a concertación das distintas administracións públicas e entidades que desenvolven actividades neses ámbitos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

2. A presidencia do Consello corresponde ao ministro do Interior e nel están representados a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, as administracións locais, así como as fundacións, as asociacións de vítimas, o sector social da discapacidade, as asociacións de prevención de accidentes de tráfico e de fomento da seguranza viaria e os centros de investigación e organizacións profesionais, económicas e sociais máis representativas directamente relacionadas co tráfico, coa seguranza viaria e coa mobilidade sustentable.

3. O Consello funciona en pleno, en comisión permanente, en comisións e en grupos de traballo.

4. Nas comunidades autónomas que non recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, e nas cidades de Ceuta e Melilla, existe unha Comisión do Consello. Así mesmo, funciona unha comisión do Consello para o estudo do tráfico, da seguranza viaria e da mobilidade sustentable nas vías urbanas.

As comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor poden establecer os seus propios consellos autonómicos de tráfico, seguranza viaria e mobilidade sustentable.

5. O Consello Superior de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable exerce as seguintes funcións:

a) Emitir informe e, se for o caso, propor plans de actuación conxunta en materia de tráfico, seguranza viaria ou mobilidade sustentable para dar cumprimento ás directrices do Goberno ou para sometelos á súa aprobación. As ditas propostas, que non son vinculantes, deben considerar, en particular, a viabilidade técnica e financeira das medidas que inclúan.

b) Asesorar os órganos superiores e directivos do Ministerio do Interior nesta materia.

c) Emitir informe sobre os convenios ou tratados internacionais sobre tráfico, seguranza viaria ou mobilidade sustentable antes da prestación do consentimento do Estado para obrigarse por eles.

d) Emitir informe ou propor, se for o caso, os proxectos de disposicións xerais que afecten o tráfico, a seguranza viaria ou a mobilidade sustentable.

e) Informar sobre a publicidade dos vehículos de motor.

f) Impulsar, mediante as correspondentes propostas, a actuación dos distintos organismos, entidades e asociacións que desenvolvan actividades nesta materia.

g) Coñecer e informar sobre a evolución da sinistralidade viaria en España.

6. A composición, a organización e o funcionamento do Consello determinaranse regulamentariamente. Para estes efectos, poderanse crear consellos territoriais de seguranza viaria. En todo caso, debe haber un equilibrio entre os colectivos representados e os distintos sectores que representan.

## CAPÍTULO III

### **Conferencia Sectorial de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable**

Artigo 9. *Conferencia Sectorial de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable.*

1. Créase a Conferencia Sectorial de Tráfico, Seguranza Viaria e Mobilidade Sustentable como órgano de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas que asumisen competencias para a protección de persoas e bens e o mantemento da orde pública e que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor. A conferencia sectorial desenvolverá unha actuación coordinada nesta materia, con atención aos principios de lealdade institucional e respecto recíproco no exercicio das competencias atribuídas ás ditas administracións.

2. A conferencia sectorial aprobará o seu regulamento interno, que regulará a súa organización e funcionamento.

## TÍTULO II

### **Normas de comportamento na circulación**

## CAPÍTULO I

### **Normas xerais**

Artigo 10. *Usuarios, condutores e titulares de vehículos.*

1. O usuario da vía está obrigado a comportarse de forma que non entorpeza indebidamente a circulación, nin cause perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas ou danos aos bens.

2. O condutor debe utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e atención necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo tanto a si mesmo como os demais ocupantes do vehículo e o resto de usuarios da vía.

O condutor debe verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. O titular e, se for o caso, o arrendatario dun vehículo ten o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, mantelo nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, sometelo aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedir que sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente.

Artigo 11. *Obrigacións do titular do vehículo e do condutor habitual.*

1. O titular dun vehículo ten as seguintes obrigacións:

a) Facilitar á Administración a identificación do condutor do vehículo no momento de cometerse unha infracción. Os datos facilitados deben incluír o número do permiso ou licenza de condución que permita a identificación no Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Se o condutor non figura inscrito no aludido Rexistro de Condutores e Infractores, o titular deberá dispor de copia da autorización administrativa que o habilite para conducir en España e facilitala á Administración cando lle sexa requirida. Se o titular é unha empresa de alugamento de vehículos sen condutor, a copia da autorización administrativa poderase substituír pola copia do contrato de arrendamento.

b) Impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente.

2. O titular do vehículo pode comunicar ao Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico a identidade do condutor habitual deste. Neste suposto, o titular queda exonerado das obrigacións anteriores, que se trasladan ao condutor habitual.

3. As obrigacións establecidas no número 1 e a comunicación descrita no número anterior corresponden ao arrendatario a longo prazo do vehículo, no suposto de que haxa constancia deste no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

4. O titular do vehículo en réxime de arrendamento a longo prazo debe comunicar ao Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico a identidade do arrendatario.

#### Artigo 12. *Obras e actividades prohibidas.*

1. A realización de obras, instalacións, colocación de contedores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta lei necesita autorización previa do seu titular e réxese polo disposto na normativa de estradas e nas normas municipais. As mesmas prescricións son aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico, que se pode levar a efecto por petición do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Así mesmo, a realización de obras nas vías debe ser comunicada con anterioridade ao seu inicio ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se for o caso, á autoridade autonómica ou local responsable que, sen prexuízo das facultades do órgano competente para a execución das obras, ditará as instrucións que resulten procedentes en relación coa regulación, ordenación, xestión e vixilancia do tráfico, tendo en conta o calendario de restricións á circulación e as que deriven doutras autorizacións a esta.

As infraccións ao disposto neste número, así como a realización de obras na estrada sen sinalización ou sen que esta se ataña á regulamentación técnica sobre o particular, sancionaranse na forma prevista na normativa de estradas, sen prexuízo da normativa municipal sancionadora.

2. Prohíbese guindar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelos perigosos ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir na vía ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

3. Quen cree sobre a vía algún obstáculo ou perigo debe facelo desaparecer o antes posible e, mentres tanto, adoptará as medidas necesarias para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

4. Prohíbese guindar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios ou, en xeral, pór en perigo a seguranza viaria.

5. Prohíbese a emisión de perturbacións electromagnéticas, ruidos, gases e outros contaminantes nas vías obxecto desta lei, nos termos que regulamentariamente se determinen.

6. Prohíbese cargar os vehículos de forma distinta ao que regulamentariamente se determine.

7. Non poden circular polas vías obxecto desta lei os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos, emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos, nin cando fosen obxecto dunha reforma de importancia non autorizada. Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

#### Artigo 13. *Normas xerais de condución.*

1. O condutor debe estar en todo momento en condicións de controlar o seu vehículo. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, debe adoptar as precaucións necesarias para a

súa seguranza, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, persoas cegas ou, en xeral, persoas con discapacidade ou con problemas de mobilidade.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguranza, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros, e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencias entre o condutor e calquera deles.

3. Queda prohibido conducir utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á condución, excepto durante a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de condución, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Prohíbese a utilización durante a condución de dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares.

Quedan exentos da antedita prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

Reglamentariamente poderanse establecer outras excepcións ás prohibicións previstas nos parágrafos anteriores, así como os dispositivos que se considera que diminúen a atención á condución, conforme se produzan os avances da tecnoloxía.

4. O condutor e os ocupantes dos vehículos están obrigados a utilizar o cinto de seguranza, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguranza nas condicións e coas excepcións que, se for o caso, se determine regulamentariamente. Os condutores profesionais, cando presten servizo público a terceiros, non se considerarán responsables do incumprimento desta norma por parte dos ocupantes do vehículo.

Por razóns de seguranza viaria, poderase prohibir a ocupación dos asentos dianteiros ou traseiros do vehículo polos menores en función da súa idade ou talle, nos termos que se determine regulamentariamente.

5. Queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente, permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan o pai, a nai, o titor ou unha persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguranza establecidas regulamentariamente.

6. Prohíbese instalar ou levar nos vehículos inhibidores de radares ou cinemómetros ou calquera outro instrumento encamiñado a eludir ou a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico, así como emitir ou facer sinais coa dita finalidade. Así mesmo, prohíbese utilizar mecanismos de detección de radares ou cinemómetros.

Quedan excluídos desta prohibición os mecanismos de aviso que informan da posición dos sistemas de vixilancia do tráfico.

#### Artigo 14. *Bebidas alcohólicas e drogas.*

1. Non pode circular polas vías obxecto desta lei o condutor de calquera vehículo con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se determine.

Tampouco pode facelo o condutor de calquera vehículo con presenza de drogas no organismo, das cales se exclúen aquelas substancias que se utilicen baixo prescrición facultativa e cunha finalidade terapéutica, sempre que se estea en condicións de utilizar o vehículo conforme a obrigación de dilixencia, precaución e non distracción establecida no artigo 10.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a someterse ás probas para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo, que practicarán os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas.

Igualmente, quedan obrigados os demais usuarios da vía cando estean implicados nun accidente de tráfico ou cometesen unha infracción conforme o tipificado nesta lei.

3. As probas para a detección de alcohol consistirán na verificación do aire expirado mediante dispositivos autorizados, e para a detección da presenza de drogas no organismo, nunha proba salivar mediante un dispositivo autorizado e nunha posterior análise dunha mostra salivar en cantidade suficiente.

Non obstante, cando existan razóns xustificadas que impidan realizar estas probas, poderase ordenar o recoñecemento médico do suxeito ou a realización das análises clínicas que os facultativos do centro sanitario a que sexa trasladado consideren máis adecuadas.

4. O procedemento, as condicións e os termos en que se realizarán as probas para a detección de alcohol ou de drogas determinaranse regulamentariamente.

5. Para efectos de contraste, por petición do interesado, poderanse repetir as probas para a detección de alcohol ou de drogas, que consistirán preferentemente nunha análise de sangue, salvo causas excepcionais debidamente xustificadas. Cando a proba de contraste dea un resultado positivo, será aboada polo interesado.

O persoal sanitario está obrigado, en todo caso, a dar conta do resultado destas probas ao xefe de Tráfico da provincia onde se cometese o feito ou, cando proceda, aos órganos competentes para sancionar das comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, ou ás autoridades municipais competentes.

## CAPÍTULO II

### Circulación de vehículos

#### Sección 1.<sup>a</sup> Lugar da vía

##### Artigo 15. *Sentido da circulación.*

Como norma xeral e moi especialmente nas curvas e cambios de rasante de reducida visibilidade, o vehículo circulará en todas as vías obxecto desta lei pola dereita e o máis cerca posible do bordo da calzada, mantendo a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguranza.

##### Artigo 16. *Utilización dos carrís.*

1. O condutor dun automóbil, que non sexa un vehículo para persoas de mobilidade reducida, ou dun vehículo especial coa masa máxima autorizada que regulamentariamente se determine, debe circular pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia, e débese, ademais, ater ás regras seguintes:

a) Nas calzadas con dobre sentido de circulación e dous carrís, separados ou non por marcas viarias, debe circular polo da súa dereita.

b) Nas calzadas con dobre sentido de circulación e tres carrís, separados por marcas lonxitudinais descontinuas, debe circular tamén polo da súa dereita, e en ningún caso polo situado máis á súa esquerda.

c) Fóra de poboación, nas calzadas con máis dun carril reservado para o seu sentido de marcha, debe circular normalmente polo situado máis á súa dereita, ben que poderá utilizar o resto dos do dito sentido cando as circunstancias do tráfico ou da vía o aconsellen, coa condición de que non entorpeza a marcha doutro vehículo que o siga.

Cando unha das ditas calzadas teña tres ou máis carrís no sentido da súa marcha, os condutores de camións con masa máxima autorizada superior á que regulamentariamente se determine, os de vehículos especiais que non estean obrigados a circular pola beiravía e os de conxuntos de vehículos de máis de sete metros de lonxitude deben circular



normalmente polo situado máis á súa dereita e poden utilizar o inmediato nas mesmas circunstancias e con igual condición ás citadas no parágrafo anterior.

d) Cando se circule por calzadas de poboacións con, polo menos, dous carrís reservados para o mesmo sentido, delimitados por marcas lonxitudinais, pode utilizar o que mellor conveña ao seu destino, pero non debe abandonalo máis que para prepararse para cambiar de dirección, adiantar, parar ou estacionar.

2. Para o cómputo de carrís, para efectos do disposto no número anterior, non se terán en conta os destinados ao tráfico lento nin os reservados a determinados vehículos, nos termos que regulamentariamente se determinen.

#### Artigo 17. *Utilización da beiravía.*

1. O condutor de calquera vehículo de tracción animal, vehículo especial con masa máxima autorizada non superior á que regulamentariamente se determine, ciclo, ciclomotor, vehículo para persoas de mobilidade reducida ou vehículo en seguimento de ciclistas, no caso de que non exista vía ou parte dela que lles estea especialmente destinada, debe circular pola beiravía da súa dereita, se é transitable e suficiente e, se non o é, debe utilizar a parte imprescindible da calzada.

Debe tamén circular pola beiravía da súa dereita ou, nas circunstancias a que se refire este número, pola parte imprescindible da calzada o condutor de motocicletas, de turismos e de camións con masa máxima autorizada que non exceda a que regulamentariamente se determine, que, por razóns de emerxencia, o faga a velocidade anormalmente reducida, perturbando con isto gravemente a circulación.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, o condutor de bicicleta poderá superar a velocidade máxima fixada regulamentariamente para estes vehículos naqueles tramos en que as circunstancias da vía aconsellen desenvolver unha velocidade superior, podendo ocupar mesmo a parte dereita da calzada que necesite, especialmente en descensos prolongados con curvas.

2. Prohíbese que os vehículos relacionados no número anterior circulen en posición paralela, salvo as bicicletas e ciclomotores de dúas rodas, nos termos que regulamentariamente se determinen atendendo ás circunstancias da vía ou á perigosidade do tráfico.

#### Artigo 18. *Supostos especiais do sentido de circulación e restricións.*

Cando razóns de seguranza ou fluidez da circulación o aconsellen, ou por motivos ambientais, a autoridade competente poderá ordenar outro sentido de circulación, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ben para determinados vehículos, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos ou a utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.

#### Artigo 19. *Refuxios, illas ou dispositivos de guía.*

Cando na vía existan refuxios, illas ou dispositivos de guía, circularase pola parte da calzada que quede á dereita deles, no sentido da marcha, salvo cando estean situados nunha vía de sentido único ou dentro da parte correspondente a un só sentido de circulación, caso en que se poderá facer por calquera dos dous lados.

#### Artigo 20. *Circulación en autoestradas e autovías.*

1. Prohíbese circular por autoestradas e autovías con vehículos de tracción animal, bicicletas, ciclomotores e vehículos para persoas de mobilidade reducida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os condutores de bicicletas poderán circular polas beiravías das autovías, salvo que, por razóns de seguranza viaria, se prohiba mediante a sinalización correspondente.

2. A circulación por autoestradas ou autovías suxeitas a peaxe, taxa ou prezo público requirirá o pagamento da correspondente peaxe, taxa ou prezo público.

### *Sección 2.ª Velocidade*

#### *Artigo 21. Límites de velocidade.*

1. O condutor está obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, co fin de adecuar a velocidade do seu vehículo a estas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que se poida presentar.

2. As velocidades máximas e mínimas autorizadas para a circulación de vehículos serán as fixadas de acordo coas condicións que regulamentariamente se determinen, con carácter xeral, para os condutores, os vehículos e as vías obxecto desta lei, en función das súas propias características. Os lugares con prohibicións ou obrigacións específicas de velocidade serán sinalizados, con carácter permanente ou temporal. Na falta de sinalización específica, cumprírase a xenérica establecida para cada vía.

3. Establecerase tamén regulamentariamente un límite máximo, con carácter xeral, para a velocidade autorizada nas vías urbanas e en travesías. Este límite poderá ser rebaixado nas travesías especialmente perigosas, por acordo da autoridade municipal co titular da vía, e nas vías urbanas, por decisión do órgano competente da corporación municipal.

4. As velocidades máximas fixadas para as estradas convencionais, excepto travesías, poderán ser superadas en 20 km/h por turismos e motocicletas cando adianten outros vehículos que circulen a velocidade inferior a aquelas.

5. Poderán circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade os ciclos, os vehículos de tracción animal, os transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias de tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nos termos que regulamentariamente se determinen.

6. O titular da vía deberá comunicar ás autoridades competentes en materia de xestión do tráfico, cunha antelación mínima dun mes, os cambios que realice nas limitacións de velocidade.

#### *Artigo 22. Distancias e velocidade exixible.*

1. Salvo en caso de inminente perigo, o condutor, para reducir considerablemente a velocidade do seu vehículo, débese asegurar de que pode facelo sen risco para outros condutores e está obrigado a advertilo previamente e a realizalo de forma que non produza risco de colisión cos vehículos que circulan detrás do seu, nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. O condutor dun vehículo que circule detrás doutro debe deixar entre ambos un espazo libre que lle permita deterse, en caso de freada brusca, sen colidir con el, tendo en conta especialmente a velocidade e as condicións de adherencia e freada. Non obstante, permítese aos condutores de bicicletas circular en grupo extremando a atención co fin de evitar alcances entre eles.

3. Ademais do disposto no número anterior, a separación que debe gardar o condutor dun vehículo que circule detrás doutro sen sinalar o seu propósito de adiantamento debe ser tal que permita ao que, pola súa vez, o siga adiantalo con seguranza, excepto se se trata de ciclistas que circulan en grupo. Os vehículos con masa máxima superior á que regulamentariamente se determine e os vehículos ou conxuntos de vehículos de máis de 10 metros de lonxitude total deben gardar, para estes efectos, unha separación mínima de 50 metros.

4. O disposto no número anterior non é de aplicación:

- a) En poboación.
  - b) Onde estea prohibido o adiantamento.
  - c) Onde haxa máis dun carril destinado á circulación no seu mesmo sentido.
  - d) Cando a intensidade da circulación non permita o adiantamento.
5. Prohíbese facer competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional, o autorizase a autoridade competente.

### Sección 3.<sup>a</sup> Preferencia de paso

#### Artigo 23. Normas xerais.

1. A preferencia de paso nas interseccións axustarase á sinalización que a regule.
2. Na falta de sinal, o condutor está obrigado a ceder o paso aos vehículos que se aproximen pola súa dereita, salvo nos seguintes supostos:
  - a) Os vehículos que circulen por unha vía pavimentada sobre os que procedan doutra sen pavimentar.
  - b) Os vehículos que circulen por raís sobre os demais usuarios.
  - c) Os que estean dentro das glorietas sobre os que pretendan acceder a elas.
3. Regulamentariamente poderanse establecer outras excepcións.

#### Artigo 24. Tramos estreitos e de gran pendente.

1. Nos tramos da vía en que, pola súa escasa largura, sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, onde non haxa sinalización expresa para o efecto, ten preferencia de paso o que entrou primeiro. En caso de dúbida sobre a dita circunstancia, ten preferencia o vehículo con maiores dificultades de manobra, nos termos que regulamentariamente se determinen.
2. Nos tramos de gran pendente, nos cales se dean as circunstancias sinaladas no número anterior, ten preferencia de paso o vehículo que circule en sentido ascendente, salvo se este pode chegar antes a unha zona prevista para apartarse. En caso de dúbida, observárase o establecido no número anterior.

#### Artigo 25. Condutores, peóns e animais.

1. O condutor dun vehículo ten preferencia de paso respecto dos peóns, salvo nos casos seguintes:
  - a) Nos pasos para peóns.
  - b) Cando vaia virar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa peóns cruzándoa, aínda que non exista paso para estes.
  - c) Cando o vehículo cruce unha beiravía pola cal estean circulando peóns que non dispoñan de zona peonil.
  - d) Cando os peóns vaian subir ou baixasen dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros, nunha parada sinalizada como tal, e se encontren entre o dito vehículo e a zona peonil ou refuxio máis próximo.
  - e) Cando se trate de tropas en formación, filas escolares ou comitivas organizadas.
2. Nas zonas peonís, cando o vehículo as cruce polos pasos habilitados para o efecto, o condutor ten a obriga de deixar pasar os peóns que circulen por elas.
3. O condutor do vehículo ten preferencia de paso, respecto dos animais, salvo nos casos seguintes:
  - a) Nas vías pecuarias sinalizadas.
  - b) Cando vaia virar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa animais cruzándoa, aínda que non exista paso para estes.

c) Cando o vehículo cruce unha beiravía pola cal estean circulando animais que non dispoñan de vía pecuaria.

4. O condutor dunha bicicleta ten preferencia de paso respecto a outros vehículos:

a) Cando circule por un carril bici, paso para ciclistas ou beiravía debidamente autorizado para uso exclusivo de condutores de bicicletas.

b) Cando para entrar noutra vía o vehículo vire á dereita ou á esquerda, nos supostos permitidos, e haxa un ciclista nas súas proximidades.

c) Cando os condutores de bicicleta circulen en grupo serán considerados como unha única unidade móbil para os efectos da preferencia de paso, e serán aplicables as normas xerais sobre preferencia de paso entre vehículos.

En circulación urbana observarase o disposto pola ordenanza municipal correspondente.

#### Artigo 26. *Cesión de paso e interseccións.*

1. O condutor dun vehículo que teña que ceder o paso a outro non debe iniciar ou continuar a súa marcha ou a súa manobra, nin reemprendelas, até asegurarse de que con isto non obriga o condutor do vehículo que ten a preferencia a modificar bruscamente a súa traxectoria ou a súa velocidade, e debe mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular, e especialmente coa redución paulatina da velocidade, que efectivamente vai cedelo.

2. Aínda cando teña preferencia de paso, ningún condutor debe entrar co seu vehículo nunha intersección ou nun paso para peóns se, previsiblemente, pode quedar detido neles impedindo ou obstruíndo a circulación transversal.

3. O condutor que teña detido o seu vehículo nunha intersección regulada por semáforo, que constitúa un obstáculo para a circulación, debe saír daquela sen esperar a que se permita a circulación na dirección que se propón tomar, sempre que ao facelo non entorpeza a marcha dos demais usuarios que avancen no sentido permitido.

#### Artigo 27. *Vehículos en servizo de urxencia.*

Teñen preferencia de paso sobre os demais vehículos e outros usuarios da vía os vehículos de servizo de urxencia, cando estean en servizo de tal carácter, así como os equipos de mantemento das instalacións e da infraestrutura da vía e os vehículos que acudan realizar un servizo de auxilio en estrada. Poden circular por encima dos límites de velocidade establecidos e están exentos de cumprir outras normas ou sinais, nos termos que regulamentariamente se determinen.

### *Sección 4.ª Incorporación á circulación*

#### Artigo 28. *Incorporación de vehículos á circulación.*

O condutor dun vehículo parado ou estacionado nunha vía ou procedente das vías de acceso a esta, das súas zonas de servizo ou dunha propiedade lindeira que se pretenda incorporar á circulación débese asegurar de que o pode facer sen perigo para os demais usuarios. Debe advertilo cos sinais obrigatorios para estes casos e ceder o paso aos outros vehículos, tendo en conta a posición, traxectoria e velocidade destes.

Se a vía a que se accede está dotada dun carril de aceleración, o condutor débese incorporar a aquela á velocidade adecuada.

#### Artigo 29. *Condución de vehículos en tramo de incorporación.*

Con independencia da obrigación do condutor do vehículo que se incorpore á circulación de cumprir as prescricións do artigo anterior, os demais condutores facilitarán,

na medida do posible, a dita manobra, especialmente se se trata dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros que se pretende incorporar á circulación desde unha parada sinalizada.

*Sección 5.<sup>a</sup> Cambios de dirección, de sentido e marcha atrás*

*Artigo 30. Cambios de vía, calzada e carril.*

1. O condutor dun vehículo que pretenda virar á dereita ou á esquerda para utilizar unha vía distinta daquela pola cal circula, para incorporarse a outra calzada da mesma vía ou para saír dela, debe advertilo previamente e con suficiente antelación aos condutores dos vehículos que circulan detrás do seu e asegurarse de que a velocidade e a distancia dos vehículos que se acheguen en sentido contrario lle permiten efectuar a manobra sen perigo, e absterase de realizala de non se daren estas circunstancias. Tamén se debe abster de realizar a manobra cando se trate dun cambio de dirección á esquerda e non exista visibilidade suficiente.

2. Toda manobra de desprazamento lateral que implique cambio de carril debe levarse a efecto respectando a preferencia do que circule polo carril que se pretende ocupar.

3. Regulamentariamente establecerase a maneira de efectuar as manobras necesarias para os distintos supostos de cambio de dirección.

*Artigo 31. Cambios de sentido.*

1. O condutor dun vehículo que pretenda inverter o sentido da súa marcha debe elixir un lugar adecuado para efectuar a manobra, de forma que intercepte a vía o menor tempo posible, advertir coa antelación suficiente o seu propósito cos sinais preceptivos e asegurarse de que non vai pór en perigo ou obstaculizar outros usuarios desta.

En caso de que non concorran estas circunstancias, débese abster de realizar a dita manobra e esperar o momento oportuno para efectuala.

Cando a súa permanencia na calzada, mentres espera para efectuar a manobra de cambio de sentido, impida continuar a marcha dos vehículos que circulan detrás do seu, debe saír dela polo seu lado dereito, se é posible, até que as condicións da circulación lle permitan efectualo.

2. Prohíbese efectuar o cambio de sentido en toda situación que impida comprobar as circunstancias a que alude o número anterior, nos pasos a nivel e nos tramos de vía afectados polo sinal túnel, así como nas autoestradas e autovías, salvo nos lugares habilitados para o efecto e, en xeral, en todos os tramos da vía en que estea prohibido o adelantamento, a menos que o cambio de sentido estea expresamente autorizado.

*Artigo 32. Marcha atrás.*

1. Prohíbese circular marcha atrás, salvo nos casos en que non sexa posible marchar cara adiante nin cambiar de dirección ou sentido de marcha, e nas manobras complementarias doutra que as exixa, e sempre co percorrido mínimo indispensable para efectuala.

2. A manobra de marcha atrás débese efectuar lentamente, despois de advertilo cos sinais preceptivos e de asegurarse, mesmo apeándose ou seguindo as indicacións doutra persoa se é necesario, de que, polas circunstancias de visibilidade, espazo e tempo necesarias para efectuala, non vai constituír perigo para os demais usuarios da vía.

3. Prohíbese a manobra de marcha atrás en autovías e autoestradas.

*Sección 6.ª Adiantamento**Artigo 33. Normas xerais.*

1. En todas as estradas, como norma xeral, o adiantamento débese efectuar pola esquerda do vehículo que se pretenda adiantar.

2. Como excepción, e se existe espazo suficiente para isto, o adiantamento efectuarase pola dereita e adoptando as máximas precaucións, cando o condutor do vehículo que se pretenda adiantar estea indicando claramente o seu propósito de cambiar de dirección á esquerda ou pararse nese lado, así como nas vías con circulación en ambos os sentidos, aos tranvías que marchen pola zona central.

3. Regulamentariamente estableceranse outras posibles excepcións á norma xeral sinalada no número 1 e particularidades da manobra de adiantamento en función das características da vía.

*Artigo 34. Precaucións previas.*

1. Antes de iniciar un adiantamento que requira desprazamento lateral, o condutor que se propoña adiantar debe advertilo con suficiente antelación, cos sinais preceptivos, e comprobar que no carril que pretende utilizar para o adiantamento existe espazo libre suficiente para que a manobra non poña en perigo nin entorpeza a quen circule en sentido contrario, tendo en conta a velocidade propia e a dos demais usuarios afectados. En caso contrario, débese abster de efectualo.

2. Tamén se debe asegurar de que o condutor do vehículo que o precede no mesmo carril non indicou o seu propósito de iniciar o adiantamento, caso en que debe respectar a preferencia que o asiste. Non obstante, se despois dun tempo prudencial, o condutor do citado vehículo non a exerce, poderá iniciar a manobra de adiantamento, advertíndoo previamente con sinal acústico ou óptico.

3. Así mesmo, débese asegurar de que ningún condutor que o siga polo mesmo carril iniciou a manobra de adiantar o seu vehículo e de que dispón de espazo suficiente para volver ao seu carril cando remate o adiantamento.

4. Non se consideran adiantamentos, para efectos destas normas, os realizados entre ciclistas que circulen en grupo.

*Artigo 35. Execución.*

1. Durante a execución do adiantamento, o condutor que o efectúe debe levar o seu vehículo a unha velocidade notoriamente superior á daquela que pretende adiantar e deixar entre ambos unha separación lateral suficiente para realizalo con seguranza.

2. Se despois de iniciar a manobra de adiantamento advirte que se producen circunstancias que poidan facer difícil a súa finalización sen provocar riscos, reducirá rapidamente a súa marcha e volverá de novo ao seu carril, advertíndoo aos que o seguen cos sinais preceptivos.

3. O condutor do vehículo que efectuou o adiantamento debe volver ao seu carril tan axiña como lle sexa posible e de modo gradual, sen obrigar outros usuarios a modificar a súa traxectoria ou velocidade e advertíndoo a través dos sinais preceptivos.

4. O condutor dun automóbil que pretenda realizar un adiantamento a un ciclo ou ciclomotor, ou conxunto deles, debe realizalo ocupando parte ou a totalidade do carril contiguo ou contrario, se for o caso, da calzada e gardando unha largura de seguranza de, ao menos, 1,5 metros. Queda prohibido adiantar pondo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulen en sentido contrario, mesmo se eses ciclistas circulan pola beiravía.

*Artigo 36. Vehículo adiantado.*

1. O condutor que advirta que outro que o segue ten o propósito de adiantar o seu vehículo estará obrigado a cingirse ao bordo dereito da calzada, salvo no suposto de cambio de dirección á esquerda ou de parada nese mesmo lado a que se refire o artigo

33.2, en que deberá cingirse á esquerda todo o posible, pero sen interferir a marcha dos vehículos que poidan circular en sentido contrario.

2. Prohíbese ao condutor do vehículo que vai ser adiantado aumentar a velocidade ou efectuar manobras que impidan ou dificulten o adiantamento. Así mesmo, está obrigado a diminuír a velocidade do seu vehículo cando, unha vez iniciada a manobra de adiantamento, se produza algunha situación que entrañe perigo para o seu propio vehículo, para o vehículo que a está efectuando, para os que circulan en sentido contrario ou para calquera outro usuario da vía.

#### Artigo 37. *Prohibicións.*

Queda prohibido adiantar:

a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida e, en xeral, en todo lugar ou circunstancia en que a visibilidade dispoñible non sexa suficiente para poder efectuar a manobra ou desistir dela unha vez iniciada, a non ser que os dous sentidos de circulación estean claramente delimitados e a manobra se poida efectuar sen invadir a zona reservada ao sentido contrario.

b) Nos pasos para peóns sinalizados como tales e nos pasos a nivel e nas súas proximidades.

c) Nas interseccións e nas súas proximidades, salvo:

1.º Cando se trate dunha glorieta.

2.º Cando o adiantamento se deba efectuar pola dereita, segundo o previsto no artigo 33.2.

3.º Cando a calzada en que se realice teña preferencia na intersección e haxa sinal expreso que o indique.

4.º Cando o adiantamento se realice a vehículos de dúas rodas.

#### Artigo 38. *Supostos especiais.*

Cando un vehículo se encuentre inmovilizado nun tramo de vía en que estea prohibido o adiantamento, ocupando en todo ou en parte a calzada no carril do sentido da marcha, e sempre que a inmovilización non responda ás necesidades do tráfico, pode ser adiantado, aínda que para isto haxa que ocupar parte do carril esquerdo da calzada. En todo caso, hai que asegurarse previamente de que a manobra se pode realizar sen perigo.

Nestas mesmas circunstancias poderanse adiantar as bicicletas.

### *Sección 7.ª Parada e estacionamento*

#### Artigo 39. *Normas xerais.*

1. A parada ou o estacionamento dun vehículo en vías interurbanas débese efectuar sempre fóra da calzada, no seu lado dereito e deixando libre, cando exista, a parte transitábel da beiravía.

2. Cando en vías urbanas se teña que realizar na calzada ou na beiravía situarase o vehículo o máis cerca posible do seu bordo dereito, salvo nas vías de único sentido, nas cales se poderá situar tamén no lado esquerdo.

3. A parada e o estacionamento débense efectuar de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación e evitando que se poida pór en movemento en ausencia do condutor, de acordo coas normas que regulamentariamente se establezan.

En vías urbanas permítese a parada ou o estacionamento dos guindastres de auxilio en estrada polo tempo indispensable para efectuar a retirada dos vehículos avariados ou accidentados, sempre que non se cree un novo perigo nin se cause obstáculo á circulación.

4. O réxime de parada e estacionamento en vías urbanas regularase mediante ordenanza municipal e poderanse adoptar as medidas necesarias para evitar o

entorpecemento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración do estacionamento, así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada do vehículo ou a súa inmovilización cando non dispoña de título que autorice o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou exceda o tempo autorizado até que se logre a identificación do condutor.

Artigo 40. *Prohibicións.*

1. Queda prohibido parar nos seguintes casos:
  - a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.
  - b) Nos pasos a nivel, pasos para ciclistas e pasos para peóns.
  - c) Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.
  - d) Nas interseccións e nas súas proximidades.
  - e) Sobre os raís de tranvías ou tan cerca deles que se poida entorpecer a súa circulación.
  - f) Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización aos usuarios que afecte ou obrigue a facer manobras.
  - g) En autovías ou autoestradas, salvo nas zonas habilitadas para isto.
  - h) Nos carrís destinados ao uso exclusivo do transporte público urbano ou nos reservados para as bicicletas.
  - i) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.
  - j) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade e pasos para peóns.
2. Queda prohibido estacionar nos seguintes casos:
  - a) En todos os descritos no número anterior.
  - b) Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, conforme a regulación do sistema utilizado para isto, sen dispor do título que o autorice ou cando, dispoñendo del, se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola autorización.
  - c) En zonas sinalizadas para carga e descarga.
  - d) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.
  - e) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso dos peóns. Non obstante, os municipios, a través de ordenanza municipal, poderán regular a parada e o estacionamento dos vehículos de dúas rodas sobre as beirarrúas e paseos sempre que non se prexudique nin se entorpeza o tránsito dos peóns por elas, atendendo ás necesidades daqueles que poidan levar algún obxecto voluminoso e, especialmente, as daquelas persoas que teñan algunha discapacidade.
  - f) Diante dos vaos sinalizados correctamente.
  - g) En dobre fila.

*Sección 8.<sup>a</sup> Cruzamento de pasos a nivel e pontes levadizas*

Artigo 41. *Normas xerais.*

1. O condutor debe extremar a prudencia e reducir a velocidade ao aproximarse a un paso a nivel ou a unha ponte levadiza.
2. O usuario que, ao chegar a un paso a nivel ou a unha ponte levadiza, o encontre pechado ou coa barreira ou semibarreira en movemento débese deter no carril correspondente até que teña paso libre.



3. O cruzamento da vía férrea débese realizar sen demora e despois de asegurarse de que, polas circunstancias da circulación ou por outras causas, non existe risco de quedar inmovilizado dentro do paso.

4. Os pasos a nivel e as pontes levadizas estarán debidamente sinalizados polo titular da vía.

#### Artigo 42. *Bloqueo de pasos a nivel.*

Cando por razóns de forza maior un vehículo quede detido nun paso a nivel ou se produza a caída da súa carga dentro deste, o condutor está obrigado a adoptar as medidas adecuadas para o rápido desaloxo dos ocupantes do vehículo e para deixar o paso libre no menor tempo posible.

Se non o consegue, adoptará inmediatamente todas as medidas ao seu alcance para que tanto os maquinistas dos vehículos que circulen por raís como os condutores do resto dos vehículos que se aproximen sexan advertidos da existencia do perigo coa suficiente antelación.

### *Sección 9.<sup>a</sup> Utilización das luces*

#### Artigo 43. *Uso obrigatorio.*

1. Os vehículos que circulen entre a posta e a saída do sol, ou a calquera hora do día nos túneles e demais tramos de vía afectados polo sinal túnel, deben levar acendidas as luces que corresponda, nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Tamén deben levar acendidas durante o resto do día as luces que regulamentariamente se estableza:

a) As motocicletas.

b) Os vehículos que circulen por un carril reversible ou en sentido contrario ao normalmente utilizado na calzada onde se encontre situado, ben sexa un carril que lles estea exclusivamente reservado ou ben aberto excepcionalmente á circulación no dito sentido.

3. Tamén é obrigatorio utilizar as luces que regulamentariamente se estableza cando existan condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, como en caso de néboa, chuva intensa, nevarada, nubes de fume ou de po ou calquera outra circunstancia análoga.

4. As bicicletas, ademais, estarán dotadas dos elementos reflectores homologados que regulamentariamente se determine. Cando circule por vía interurbana e sexa obrigatorio o uso de luces, o condutor de bicicleta debe levar colocada, ademais, algunha peza de roupa ou elemento reflector.

### *Sección 10.<sup>a</sup> Advertencias dos condutores*

#### Artigo 44. *Normas xerais.*

1. O condutor está obrigado a advertir o resto dos usuarios da vía acerca das manobras que vaia efectuar co seu vehículo.

2. Como norma xeral, as ditas advertencias faranse utilizando a sinalización luminosa do vehículo ou, na súa falta, co brazo, de acordo co que se determine regulamentariamente.

3. Excepcionalmente ou cando así se prevexa legal ou regulamentariamente poderanse empregar sinais acústicos, cuxo uso inmotivado ou exaxerado queda prohibido.

4. Os vehículos de servizos de urxencia e outros vehículos especiais poderán utilizar outros sinais ópticos e acústicos nos casos e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

## CAPÍTULO III

**Outras normas de circulación**Artigo 45. *Portas.*

Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearase del sen asegurarse previamente de que isto non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

Artigo 46. *Apagamento de motor.*

Aínda cando o condutor non abandone o seu posto, deberá parar o motor sempre que o vehículo se encontre detido no interior dun túnel, nun lugar pechado ou durante a carga de combustible.

Artigo 47. *Cinto, casco e restantes elementos de seguranza.*

O condutor e os ocupantes de vehículos de motor e ciclomotores están obrigados a utilizar o cinto de seguranza, o casco e os demais elementos de protección nos termos que regulamentariamente se determinen.

O condutor e, se for o caso, os ocupantes de bicicletas e ciclos en xeral estarán obrigados a utilizar o casco de protección nas vías urbanas, interurbanas e travesías, nos termos que regulamentariamente se determinen. Tamén é obrigatorio que o usen os menores de dezaseis anos e aqueles que circulen por vías interurbanas.

Reglamentariamente fixaranse as excepcións ao previsto neste número.

Artigo 48. *Tempos de descanso e condución.*

Por razóns de seguranza poderanse regular os tempos de condución e descanso. Tamén se poderá exixir a presenza de máis dunha persoa habilitada para a condución dun só vehículo.

Artigo 49. *Peóns.*

1. O peón debe transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicable, caso en que poderá facelo pola beiravía ou, na súa falta, pola calzada, nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Fóra de poboación, e en tramos de poboación incluídos no desenvolvemento dunha estrada que non dispoñan de espazo especialmente reservado para peóns, sempre que sexa posible, estes circularán pola súa esquerda.

3. Salvo nos casos e nas condicións que regulamentariamente se determinen, queda prohibida a circulación de peóns por autoestradas e autovías.

Artigo 50. *Animais.*

1. Só se permite o tránsito de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas, en manda ou rabaño, cando non exista itinerario practicable por vía pecuaria e sempre que vaian custodiados por algunha persoa.

O dito tránsito efectuarase pola vía alternativa que teña menor intensidade de circulación de vehículos nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Prohíbese a circulación de animais por autoestradas e autovías.

Artigo 51. *Obrigacións en caso de accidente ou avaría.*

1. O usuario da vía que se vexa implicado nun accidente de tráfico, o presencie ou teña coñecemento del está obrigado a auxiliar ou solicitar auxilio para atender as vítimas

que poida haber, prestar a súa colaboración, evitar maiores perigos ou danos, restablecer, na medida do posible, a seguranza da circulación e esclarecer os feitos.

2. Se por causa de accidente ou avaría o vehículo ou a súa carga obstaculizan a calzada, o condutor, tras sinalizar convenientemente o vehículo ou o obstáculo creado, adoptará as medidas necesarias para que sexa retirado no menor tempo posible e deberá sacalo da calzada e situalo cumprindo as normas de estacionamento sempre que sexa factible.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións en que realizarán as súas funcións os servizos de auxilio en estrada que acudan ao lugar dun accidente ou avaría, así como as características que deban cumprir as empresas que os desenvolvan ou os vehículos e demais medios que se teñan que utilizar.

#### Artigo 52. *Publicidade.*

Prohíbese a publicidade en relación con vehículos de motor que ofrezca na súa argumentación escrita ou verbal, nos seus elementos sonoros ou nas súas imaxes incitación á velocidade excesiva, á conducción temeraria, a situacións de perigo ou calquera outra circunstancia que supoña unha conduta contraria aos principios desta lei, ou cando a dita publicidade induza o condutor a unha falsa ou non xustificada sensación de seguranza.

### TÍTULO III

#### Sinalización

#### Artigo 53. *Normas xerais.*

1. O usuario das vías está obrigado a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se encontren nas vías polas cales circula.

Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obrigación de detención, o condutor do vehículo non poderá reemprender a súa marcha até ter cumprido o prescrito polo sinal.

Nas peaxes dinámicas ou telepeaxes, os vehículos que as utilicen deberán estar provistos do medio técnico que posibilite o seu uso en condicións operativas.

2. Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, o usuario debe obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradición coas normas de comportamento na circulación.

#### Artigo 54. *Preferencia.*

1. A orde de preferencia entre os distintos tipos de sinais de circulación é a seguinte:

- a) Sinais e ordes dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñan encomendadas.
- b) Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.
- c) Semáforos.
- d) Sinais verticais de circulación.
- e) Marcas viarias.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a preferente, segundo a orde a que se refire o número anterior, ou a máis restritiva se se trata de sinais do mesmo tipo.

Artigo 55. *Formato.*

1. Regulamentariamente establecerase o Catálogo oficial de sinais da circulación e marcas viarias, de acordo coas regulamentacións e recomendacións internacionais na materia.

2. O dito catálogo especificará necesariamente a forma, a cor, o deseño e o significado dos sinais, así como as súas dimensións en función de cada tipo de vía e os seus sistemas de colocación.

3. Os sinais e as marcas viarias deberán cumprir as especificacións que regulamentariamente se estableza.

Artigo 56. *Lingua.*

As indicacións escritas dos sinais expresaranse, ao menos, na lingua española oficial do Estado.

Artigo 57. *Mantemento.*

1. Corresponde ao titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguranza para a circulación, e da instalación e conservación nela dos sinais e marcas viarias adecuados. Tamén corresponde ao titular da vía a autorización previa para a instalación nela doutros sinais de circulación. En caso de emerxencia, os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, no exercicio das funcións que teñan encomendadas, poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa.

2. A autoridade encargada da regulación, ordenación e xestión do tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en función das continxencias deste e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa normativa de estradas.

3. A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías corresponderá aos organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias delas, nos termos que regulamentariamente se determinen. Os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas ditas obras.

Artigo 58. *Retirada, substitución e alteración.*

1. O titular da vía ou, se for o caso, a autoridade encargada da ordenación e xestión do tráfico, ordenará a inmediata retirada e, cando proceda, a substitución polas que sexan adecuadas á normativa vixente, das que perderon o seu obxecto e das que non o cumbran por causa da súa deterioración.

2. Salvo por causa xustificada, ninguén debe instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía sen permiso do seu titular ou, se for o caso, da autoridade encargada da regulación, ordenación e xestión do tráfico ou da responsable das instalacións.

3. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

## TÍTULO IV

## Autorizacións administrativas

## CAPÍTULO I

## Autorizacións en xeral

Artigo 59. *Normas xerais.*

1. Con obxecto de garantir a aptitude dos condutores para manexar os vehículos e a idoneidade destes para circular co mínimo de risco posible, a circulación de vehículos de motor e de ciclomotores requirirá da obtención da correspondente autorización administrativa previa.

Regulamentariamente fixaranse os datos que deben constar nas autorizacións dos condutores e dos vehículos.

2. O condutor dun vehículo de motor ou ciclomotor queda obrigado a estar en posesión e levar consigo o seu permiso ou licenza válidos para conducir, así como o permiso de circulación do vehículo e a tarxeta de inspección técnica, e deberá exhibilos ante os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas que llo soliciten, nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. Nas autorizacións administrativas de circulación unicamente constará un titular.

Artigo 60. *Domicilio e enderezo electrónico viario (EEV).*

1. O titular dun permiso ou licenza de condución ou do permiso de circulación dun vehículo comunicará o seu domicilio aos rexistros do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico. Este utilizarase para efectuar as notificacións respecto de todas as autorizacións de que dispoña. Para estes efectos, os concellos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderán comunicar ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico os novos domicilios de que teñan constancia.

2. No historial de cada vehículo poderase facer constar, ademais, un domicilio para os únicos efectos de xestión dos tributos relacionados con el.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico asignará ademais a todo titular dun permiso ou licenza de condución ou do permiso de circulación dun vehículo, e con carácter previo á súa obtención, un enderezo electrónico viario (EEV). Este enderezo asignarase automaticamente a todas as autorizacións de que dispoña o seu titular nos rexistros de vehículos e de condutores e infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

4. A asignación do enderezo electrónico viario (EEV) realizarase tamén ao arrendatario a longo prazo que conste no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, con carácter previo á súa inclusión.

5. Non obstante o disposto nos números anteriores, se o titular da autorización é unha persoa física só se lle asignará un enderezo electrónico viario (EEV) cando o solicite voluntariamente. Neste caso, todas as notificacións se practicarán no enderezo electrónico viario conforme se establece no artigo 90, sen prexuízo do previsto na normativa sobre acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

6. No enderezo electrónico viario (EEV) practicaranse, ademais, os avisos e incidencias relacionados coas autorizacións administrativas recollidas nesta lei.

## CAPÍTULO II

### Autorizacións para conducir

#### Artigo 61. *Permisos e licenzas de condución.*

1. A condución de vehículos de motor e ciclomotores exixirá ter obtido previamente o preceptivo permiso ou licenza de condución dirixido a verificar que o condutor teña os requisitos de capacidade, coñecementos e habilidade necesarios para a condución do vehículo, nos termos que se determine regulamentariamente.

2. O permiso e a licenza de condución poderán ter vixencia limitada no tempo, cuxos prazos poderán ser revisados nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. A súa vixencia estará tamén condicionada a que o seu titular non perdesse o crédito de puntos asignado.

#### Artigo 62. *Centros de formación e recoñecemento de condutores.*

1. O ensino dos coñecementos e técnica necesarios para a condución, así como o posterior perfeccionamento e renovación de coñecementos, levaranos a cabo centros de formación, que poderán constituír seccións ou sucursais coa mesma titularidade e denominación.

Os centros de formación requirirán autorización previa, que terá validez en todo o territorio español no caso de que se establezan seccións ou sucursais.

2. Para os fins de garantir a seguranza viaria, estableceranse regulamentariamente os elementos persoais e materiais mínimos para a formación e o recoñecemento de condutores seguindo o establecido na normativa sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En particular, determinarase regulamentariamente o réxime docente e de funcionamento dos centros de formación. A titulación e acreditación dos profesores e directores basearase en probas obxectivas, que valorarán os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica. As probas convocaranse periodicamente.

3. Poderase autorizar o ensino non profesional nos termos que regulamentariamente se determinen.

4. A constatación das aptitudes psicofísicas dos condutores levarana a cabo centros, que necesitarán autorización previa da autoridade competente para desenvolver a súa actividade.

Establecerase regulamentariamente o funcionamento dos centros de recoñecemento de condutores, así como os seus medios persoais e materiais mínimos.

#### Artigo 63. *Asignación de puntos.*

1. Ao titular dun permiso ou licenza de condución asignaráselle un crédito inicial de doce puntos.

2. Excepcionalmente asignarase un crédito inicial de oito puntos nos seguintes casos:

a) Titular dun permiso ou licenza de condución cunha antigüidade non superior a tres anos, salvo que xa fose titular doutro permiso de condución con aquela antigüidade.

b) Titular dun permiso ou licenza de condución que, tras perder a súa asignación total de puntos, obtivo novamente o permiso ou a licenza de condución.

3. O crédito de puntos é único para todas as autorizacións administrativas de que sexa titular o condutor.

4. Aqueles que manteñan a totalidade dos puntos ao non teren sido sancionados en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións recibirán como bonificación dous puntos durante os tres primeiros anos e un punto polos tres seguintes, podendo chegar a acumular até un máximo de quince puntos en lugar dos doce iniciais.

**Artigo 64. Perda de puntos.**

1. O número de puntos inicialmente asignado ao titular dun permiso ou licenza de condución verase reducido por cada sanción firme en vía administrativa que se lle impoña pola comisión de infraccións graves ou moi graves que comporten a perda de puntos, de acordo co baremo establecido nos anexos II e IV.

2. Cando a Administración notifique a resolución pola que se sancione unha infracción que comporte a perda de puntos, indicará expresamente cal é o número de puntos que se restan e a forma expresa de coñecer o seu saldo de puntos.

3. A perda parcial ou total, así como a recuperación dos puntos asignados, afectará o permiso ou licenza de condución calquera que sexa a súa clase.

4. Os condutores non perderán máis de oito puntos por acumulación de infraccións nun só día, salvo que concorran algunha das infraccións moi graves a que se refiren as letras a), c), d), e), f), g), h) e i) do artigo 77, caso en que perderán o número total de puntos que correspondan.

5. Cando un condutor sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións graves ou moi graves que se relacionan nos anexos II e IV, os puntos que corresponda descontar do crédito que posúa no seu permiso ou licenza de condución quedarán descontados de forma automática e simultánea no momento en que se anote a citada sanción no Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, e no dito rexistro quedará constancia do crédito total de puntos de que dispoña o titular da autorización.

6. A antigüidade permanece nos posteriores permisos ou licenzas de condución obtidos como consecuencia da total extinción dos puntos inicialmente asignados a cada titular.

**Artigo 65. Recuperación de puntos.**

1. Transcorridos dous anos sen ter sido sancionado en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións que comporten a perda de puntos, o titular dun permiso ou licenza de condución afectado pola perda parcial de puntos recuperará a totalidade do crédito inicial de doce puntos.

Non obstante, no caso de que a perda dalgún dos puntos se debese á comisión de infraccións moi graves, o prazo para recuperar a totalidade do crédito será de tres anos.

2. Os titulares dun permiso ou licenza de condución a que se fai referencia nas letras a) e b) do número 2 do artigo 63, transcorrido o prazo de dous anos sen seren sancionados en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións que impliquen a perda de puntos, pasarán a dispor dun total de doce puntos.

3. A perda de puntos unicamente se producirá cando o feito de que deriva a detración de puntos se produza con ocasión da condución dun vehículo para o cal se exixa permiso ou licenza de condución.

4. O titular dun permiso ou licenza de condución que perdesse unha parte do crédito inicial de puntos asignado poderá optar á súa recuperación parcial, até un máximo de seis puntos, por unha soa vez cada dous anos, realizando e superando con aproveitamento un curso de sensibilización e reeducación viaria, coa excepción dos condutores profesionais, que poderán realizar o citado curso con frecuencia anual.

En todo caso, a duración dos citados cursos será, como máximo, de quince horas.

**CAPÍTULO III****Autorizacións relativas aos vehículos****Artigo 66. Permisos de circulación.**

1. A circulación de vehículos exixirá que estes obteñan previamente o correspondente permiso de circulación, dirixido a verificar que estean en perfecto estado de funcionamento

e se axusten nas súas características, equipamentos, repostos e accesorios ás prescricións técnicas que se fixen regulamentariamente. Prohíbese a circulación de vehículos que non estean dotados do citado permiso

2. O permiso de circulación débese renovar cando varíe a titularidade rexistral do vehículo, e queda extinguido cando este se dea de baixa no correspondente rexistro, por instancia de parte ou por comprobarse que non é apto para a circulación, nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. A circulación dun vehículo sen o permiso de circulación, ben por non telo obtido ou porque fose obxecto de declaración de perda de vixencia, de nulidade ou anulada, dá lugar á súa inmovilización até que se dispoña del, nos termos que regulamentariamente se determinen.

#### Artigo 67. *Outra documentación.*

1. Os vehículos, os seus equipamentos e os seus repostos e accesorios deben estar previamente homologados ou ser obxecto de inspección técnica unitaria antes de seren admitidos á circulación, nos termos que regulamentariamente se determinen. Os ditos vehículos deben ser identificables e teren gravadas ou cuñadas, de forma lexible e indeleble, as marcas e contrasinais que regulamentariamente sexan exixibles con obxecto de individualizalos, autenticar a súa fabricación e especificar o seu emprego ou posterior acoplamento de elementos importantes.

2. Os vehículos de motor, os ciclomotores e os remolques de masa máxima autorizada superior á que regulamentariamente se determine terán documentadas as súas características técnicas esenciais na tarxeta de inspección técnica, na cal se farán constar as reformas que se autoricen e a verificación do seu estado de servizo e mantemento nos termos que regulamentariamente se determinen.

#### Artigo 68. *Matrículas.*

1. Para pór en circulación vehículos de motor, así como remolques de masa máxima autorizada superior á que regulamentariamente se determine, é preciso matricularlos e que leven as placas de matrícula cos caracteres que se lles asignen do modo que se estableza. Esta obrigación será exixida aos ciclomotores nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Deben ser obxecto de matriculación definitiva en España os vehículos a que se refire o número anterior, cando se destinen a ser utilizados no territorio español por persoas ou entidades que sexan residentes en España ou que sexan titulares de establecementos situados en España. Regulamentariamente estableceranse os prazos, os requisitos e as condicións para o cumprimento desta obrigación e as posibles exencións a ela.

3. En casos xustificados, a autoridade competente para expedir o permiso de circulación poderá conceder permisos de circulación temporais e provisionais nos termos que se determine regulamentariamente.

## CAPÍTULO IV

### **Nulidade, lesividade e perda de vixencia da autorización. Obtención dun novo permiso ou licenza de condución**

#### Artigo 69. *Nulidade e lesividade.*

As autorizacións administrativas reguladas neste título poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou lesividade cando conorra algún dos supostos previstos e de acordo co procedemento regulado na normativa sobre procedemento administrativo común.



Artigo 70. *Perda de vixencia por desaparición dos requisitos para o seu outorgamento.*

1. Con independencia do disposto no artigo anterior, a vixencia das autorizacións administrativas reguladas neste título estará subordinada a que se manteñan os requisitos exixidos para o seu outorgamento.

2. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico poderá declarar a perda de vixencia das autorizacións reguladas neste título cando se acredite a desaparición dos requisitos sobre coñecementos, habilidades ou aptitudes psicofísicas exixidas para a súa autorización.

Para acordar a perda de vixencia, a Administración deberá notificar a presunta carencia do requisito exixido ao interesado, a quen se concederá a facultade de acreditar a súa existencia nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. O titular dunha autorización cuxa perda de vixencia fose declarada de acordo co disposto no número anterior poderá obtela de novo seguindo o procedemento, superando as probas e acreditando os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 71. *Perda de vixencia por perda do crédito de puntos e obtención dun novo permiso ou licenza de condución.*

1. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico declarará a perda de vixencia do permiso ou licenza de condución cando o seu titular perdesse a totalidade dos puntos asignados, como consecuencia da aplicación do baremo recollido nos anexos II e IV. Unha vez constatada a perda total dos puntos que tiña asignados, a Administración, no prazo de quince días, notificará ao interesado o acordo polo que se declara a perda de vixencia do seu permiso ou licenza de condución.

Neste caso, o seu titular non poderá obter un novo permiso ou unha nova licenza de condución até transcorridos seis meses desde a notificación do acordo. Este prazo reducirase a tres meses no caso de condutores profesionais.

Se durante os tres anos seguintes á obtención do novo permiso ou licenza de condución fose acordada a súa perda de vixencia por ter perdido novamente a totalidade dos puntos asignados, non se poderá obter un novo permiso ou licenza de condución até transcorridos doce meses desde a notificación do acordo. Este prazo reducirase a seis meses no caso de condutores profesionais.

2. O titular dun permiso ou licenza de condución cuxa perda de vixencia fose declarada como consecuencia da perda total dos puntos asignados poderá obter novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase da que era titular, transcorridos os prazos sinalados no número anterior, logo da realización e superación con aproveitamento dun curso de sensibilización e reeducación viaria e posterior superación das probas que regulamentariamente se determinen.

3. Os cursos de sensibilización e reeducación viaria terán a duración, o contido e os requisitos que determine o ministro do Interior.

A duración dos cursos de sensibilización e reeducación viaria será como máximo de 30 horas, cando se pretenda obter un novo permiso ou licenza de condución.

Artigo 72. *Suspensión cautelar.*

No curso dos procedementos de declaración de nulidade, lesividade ou perda de vixencia das autorizacións administrativas acordarase a suspensión cautelar da autorización en cuestión cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para a seguranza do tráfico, caso en que a autoridade que coñeza do procedemento ordenará, mediante resolución motivada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o seu efectivo exercicio.

Artigo 73. *Obtención dun novo permiso ou licenza de condución posterior á sentenza penal de privación do dereito a conducir vehículos de motor.*

1. O titular dun permiso ou licenza de condución que perdese a súa vixencia de acordo co previsto no artigo 47 do Código penal, ao ter sido condenado por sentenza firme á pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a dous anos, poderá obter, unha vez cumprida a condena, un permiso ou licenza de condución da mesma clase e coa mesma antigüidade, de acordo co procedemento establecido no artigo 71.2 para a perda de vixencia da autorización pola perda total dos puntos asignados.

O permiso que se obteña disporá dun saldo de 8 puntos.

2. Se a condena é igual ou inferior a dous anos, para volver conducir unicamente deberá acreditar ter superado con aproveitamento o curso de reeducación e sensibilización viaria a que fai referencia o primeiro parágrafo do artigo 71.2.

## TÍTULO V

### Réxime sancionador

#### CAPÍTULO I

#### Infraccións

Artigo 74. *Disposicións xerais.*

1. As accións ou omisións contrarias a esta lei terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos termos previstos nela.

2. Cando as accións ou omisións poidan ser constitutivas de delitos tipificados nas leis penais, observarase disposto no artigo 85.

3. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 75. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

- a) Circular nunha bicicleta sen facer uso das luces regulamentarias.
- b) Non faceren uso dos elementos e pezas de roupa reflectoras os usuarios de bicicletas.
- c) Incumprir as normas contidas nesta lei que non se cualifiquen expresamente como infraccións graves ou moi graves nos artigos seguintes.

Artigo 76. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

- a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos ou circular nun tramo a unha velocidade media superior á regulamentariamente establecida, de acordo co recollido no anexo IV.
- b) Realizar obras na vía sen comunicalas con anterioridade ao seu inicio á autoridade responsable da regulación, ordenación e xestión do tráfico, así como non seguir as instrucións da dita autoridade referentes ás obras.
- c) Incumprir as disposicións desta lei en materia de preferencia de paso, adiantamentos, cambios de dirección ou sentido e marcha atrás, sentido da circulación, utilización de carrís e beiravías e, en xeral, toda vulneración das ordenacións especiais de tráfico por razóns de seguranza ou fluidez da circulación.
- d) Parar ou estacionar no carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade, túneles, pasos

inferiores, interseccións ou en calquera outro lugar perigoso ou no cal se obstaculice gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para os peóns.

- e) Circular sen facer uso das luces regulamentarias.
- f) Conducir utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á condución.
- g) Conducir utilizando manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, así como utilizar mecanismos de detección de radares ou cinemómetros.
- h) Non facer uso do cinto de seguranza, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección.
- i) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, ou con menores nos asentos dianteiros ou traseiros, cando non estea permitido.
- j) Non respectar os sinais e as ordes dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.
- k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.
- l) Non respectar o sinal de stop ou o sinal de ceda o paso.
- ll) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización que carece de validez por non ter cumprido os requisitos administrativos exixidos regulamentariamente en España.
- m) Condución negligente.
- n) Guindar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes, ou que obstaculicen a libre circulación.
- ñ) Non manter a distancia de seguranza co vehículo precedente.
- o) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, salvo que sexa cualificada como moi grave, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.
- p) Incumplir a obrigaçión de todo condutor de verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.
- q) Non facilitar ao axente da autoridade encargado da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teña encomendadas a súa identidade, nin os datos do vehículo solicitados polos afectados nun accidente de circulación, estando implicado nel.
- r) Conducir vehículos coa carga mal acondicionada ou con perigo de caída.
- s) Conducir un vehículo tendo prohibido o seu uso.
- t) Circular cun vehículo cuxo permiso de circulación está suspendido.
- u) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.
- v) Incumplir a obrigaçión de impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente.
- w) Incumplir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de condutores acreditados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, salvo que se poidan cualificar como infraccións moi graves.
- x) Circular por autoestradas ou autovías con vehículos que o teñen prohibido.
- y) Non instalar os dispositivos de alerta ao condutor nos garaxes ou aparcadoiros nos termos legal e regulamentariamente previstos.
- z) Circular en posición paralela con vehículos que o teñen prohibido.

#### Artigo 77. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

- a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos ou circular nun tramo a unha velocidade media superior á regulamentariamente establecida, de acordo co recollido no anexo IV.

- b) Circular cun vehículo cuxa carga cae á vía polo seu mal acondicionamento, creando grave perigo para o resto dos usuarios.
- c) Conducir con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se establezan, ou con presenza de drogas no organismo.
- d) Incumprir a obrigaón de todos os condutores de vehículos, e dos demais usuarios da vía cando se achen implicados nalgún accidente de tráfico ou cometesen unha infracción, de someterse ás probas que se establezan para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo.
- e) Condución temeraria.
- f) Circular en sentido contrario ao establecido.
- g) Participar en competicións e carreiras de vehículos non autorizadas.
- h) Conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radares ou cinemómetros ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.
- i) Aumentar en máis do 50 por cento os tempos de condución ou minorar en máis do 50 por cento os tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre.
- j) Incumprir, o titular ou o arrendatario do vehículo con que se cometese a infracción, a obrigaón de identificar verazmente o condutor responsable da dita infracción, cando sexan debidamente requiridos para isto no prazo establecido. No suposto das empresas de alugamento de vehículos sen condutor, a obrigaón de identificar axustarase ás previsións ao respecto do artigo 11.
- k) Conducir un vehículo carecendo do permiso ou licenza de condución correspondente.
- l) Circular cun vehículo que careza da autorización administrativa correspondente, cunha autorización que non sexa válida por non cumprir os requisitos exixidos regulamentariamente, ou incumprindo as condicións da autorización administrativa que habilita para a súa circulación.
- ll) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que afecten gravemente a seguranza viaria.
- m) Participar ou colaborar na colocación ou posta en funcionamento de elementos que alteren o normal funcionamento do uso do tacógrafo ou do limitador de velocidade.
- n) Realizar na vía obras sen a autorización correspondente, así como a retirada, ocultación, alteración ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional.
- ñ) Non instalar a sinalización de obras ou facelo incumprindo a normativa vixente, pondo en grave risco a seguranza viaria.
- o) Incumprir as normas que regulan as actividades industriais que afectan de maneira directa a seguranza viaria.
- p) Instalar inhibidores de radares ou cinemómetros nos vehículos ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.
- q) Incumprir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e de acreditación dos centros de recoñecemento de condutores autorizados ou acreditados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, que afecten a cualificación dos profesores ou facultativos, o estado dos vehículos utilizados no ensino, os elementos esenciais que incidan directamente na seguranza viaria, ou que supoñan un impedimento aos labores de control ou inspección.
- r) Causar danos á infraestrutura da vía ou alteracións á circulación debidos á masa ou ás dimensións do vehículo, cando se careza da correspondente autorización administrativa ou se incumprisen as súas condicións, con independencia da obrigaón da reparación do dano causado.

Artigo 78. *Infraccións en materia de aseguramento obrigatorio.*

1. As infraccións derivadas do incumprimento da obrigaón de asegurar os vehículos de motor regularanse e sancionaranse conforme a súa lexislación específica.

2. As estacións de inspección técnica de vehículos requirirán a acreditación do seguro obrigatorio en cada inspección ordinaria ou extraordinaria do vehículo. O resultado da inspección non poderá ser favorable mentres non se verifique este requisito.

Artigo 79. *Infraccións en materia de publicidade.*

As infraccións ao previsto no artigo 52 sancionaranse na contía e a través do procedemento establecido na lexislación sobre defensa dos consumidores e usuarios.

## CAPÍTULO II

### Sancións

Artigo 80. *Tipos.*

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de até 100 euros; as graves, con multa de 200 euros, e as moi graves, con multa de 500 euros. Non obstante, as infraccións consistentes en non respectar os límites de velocidade sancionaranse na contía prevista no anexo IV.

2. Sen prexuízo do disposto anteriormente, na imposición de sancións deberase ter en conta que:

a) As infraccións previstas no artigo 77.c) e d) serán sancionadas con multa de 1.000 euros. No suposto de condución con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se establezan, esta sanción unicamente se imporá ao condutor que xa fose sancionado no ano inmediatamente anterior por exceder a taxa de alcohol permitida, así como ao que circule cunha taxa que supere o dobre da permitida.

b) A multa pola infracción prevista no artigo 77.j) será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, se é infracción leve, e o triplo, se é infracción grave ou moi grave.

c) A infracción recollida no artigo 77.h) sancionárase con multa de 6.000 euros.

d) As infraccións recollidas no artigo 77.n), ñ), o), p), q) e r) sancionaranse con multa de entre 3.000 e 20.000 euros.

3. No suposto da infracción recollida no artigo 77.q) poderase impor a sanción de suspensión da correspondente autorización polo período de até un ano. Durante o tempo que dure a suspensión o seu titular non poderá obter outra autorización para as mesmas actividades.

A realización de actividades durante o tempo de suspensión da autorización comportará, ademais, unha nova suspensión por un período de seis meses ao cometerse o primeiro quebrantamento e dun ano se se produce un segundo ou sucesivos quebrantamentos.

Artigo 81. *Graduación.*

A contía das multas establecidas no artigo 80.1 e no anexo IV poderase incrementar nun 30 por cento, en atención á gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e á súa condición de reincidente, ao perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade.

Os criterios de graduación establecidos anteriormente serán, así mesmo, de aplicación ás sancións polas infraccións previstas no artigo 77, letras n) a r), ambas incluídas.

## CAPÍTULO III

### Responsabilidade

#### Artigo 82. *Responsables.*

A responsabilidade polas infraccións do disposto nesta lei recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción. Non obstante:

a) O condutor de calquera vehículo para o cal se exixa o uso de casco por condutor e pasaxeiro será responsable pola non utilización do casco de protección polo pasaxeiro, así como por transportar pasaxeiros que non contén coa idade mínima exixida.

Así mesmo, o condutor do vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 13.4 cando se trate de condutores profesionais.

b) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezoito anos, responderán da multa imposta solidariamente con el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, no relativo ao incumprimento da obrigaón imposta a estes, que comporta un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.

c) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este tivese designado un condutor habitual, a responsabilidade recaerá neste, salvo que acredite que era outro o condutor ou a subtracción do vehículo.

d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado un condutor habitual, será responsable o condutor identificado polo titular ou o arrendatario a longo prazo, de acordo coas obrigaóns impostas no artigo 11.

e) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable o arrendatario do vehículo. En caso de que este manifeste non ser o condutor, ou sexa persoa xurídica, corresponderanlle as obrigaóns que para o titular establece o artigo 11. A mesma responsabilidade corresponderá aos titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres se encontren alí depositados.

f) O titular, ou o arrendatario a longo prazo, no suposto de que conste no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten as condicións de seguranza do vehículo.

g) O titular ou o arrendatario, no suposto de que conste no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, será responsable das infraccións por estacionamento ou por falta de pagamento das peaxes das vías que o teñan regulado, salvo nos supostos en que o vehículo tivese designado un condutor habitual ou se indique un condutor responsable do feito.

## CAPÍTULO IV

### Procedemento sancionador

#### Artigo 83. *Garantías procedementais.*

1. Non se poderá impor ningunha sanción polas infraccións tipificadas nesta lei senón en virtude de procedemento instruído conforme o disposto neste capítulo e, supletoriamente, na normativa de procedemento administrativo común.

2. Os instrumentos, aparellos ou medios e sistemas de medida que sexan utilizados para a formulación de denuncias por infraccións á normativa de tráfico, seguranza viaria e circulación de vehículos de motor estarán sometidos a control metrolóxico nos termos establecidos pola normativa de metroloxía.

## Artigo 84. *Competencia.*

1. A competencia para sancionar as infraccións cometidas en vías interurbanas e travesías corresponde ao xefe de Tráfico da provincia en que se cometeu o feito. Se se trata de infraccións cometidas no territorio de máis dunha provincia, a competencia para a súa sanción corresponde, se for o caso, ao xefe de Tráfico da provincia en que a infracción fose primeiramente denunciada.

2. Os xefes provinciais poderán delegar esta competencia na medida e extensión que consideren conveniente. En particular, poderán delegar no director do Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas a das infraccións que fosen detectadas a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das súas competencias sancionadoras mediante convenios ou encomendas de xestión, ou a través de calquera outro instrumento de colaboración previsto na normativa de procedemento administrativo común.

3. As comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor serán competentes para sancionar os órganos previstos na normativa autonómica.

4. A sanción por infracción a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos alcaldes, os cales poderán delegar esta competencia de acordo coa normativa aplicable.

Quedan excluídas da competencia sancionadora municipal as infraccións aos preceptos do título IV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.

Os xefes provinciais de Tráfico e os órganos competentes que correspondan, en caso de comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, asumirán a competencia dos alcaldes cando, por razóns xustificadas ou por insuficiencia dos servizos municipais, non poida ser exercida por estes.

5. A competencia para sancionar as infraccións a que se refire o artigo 52 corresponderá, en todo caso, ao director xeral de Tráfico ou ao órgano que teña atribuída a competencia nas comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, limitada ao ámbito territorial da comunidade autónoma.

6. Nas cidades de Ceuta e Melilla as competencias que nos números anteriores se atribúen aos xefes provinciais de Tráfico corresponderán aos xefes locais de Tráfico.

## Artigo 85. *Actuacións administrativas e xurisdicionais penais.*

1. Cando nun procedemento sancionador se poña de manifesto un feito que ofrezca indicios de delito perseguible de oficio, a autoridade administrativa porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se procede o exercicio da acción penal, e acordará a suspensión das actuacións.

2. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria, archivarase o procedemento sancionador sen declaración de responsabilidade.

3. Se a sentenza é absolutoria ou o procedemento penal finaliza con outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade, e sempre que esta non estea fundada na inexistencia do feito, poderase iniciar ou continuar o procedemento sancionador contra quen non fose condenado en vía penal.

A resolución que se dite deberá respectar, en todo caso, a declaración de feitos probados no dito procedemento penal.

## Artigo 86. *Incoación.*

1. O procedemento sancionador incoarao de oficio a autoridade competente que teña noticia dos feitos que poidan constituír infraccións tipificadas nesta lei, por iniciativa propia

ou mediante denuncia dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas ou de calquera persoa que teña coñecemento dos feitos.

2. Non obstante, a denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas, e notificada no acto ao denunciado, constitúe o acto de iniciación do procedemento sancionador, para todos os efectos.

#### Artigo 87. *Denuncias.*

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións desa natureza.

2. Nas denuncias por feitos de circulación deberá constar, en todo caso:

- a) A identificación do vehículo con que se cometeu a presunta infracción.
- b) A identidade do denunciado, se se coñece.
- c) Unha descrición sucinta do feito, con expresión do lugar ou tramo, data e hora.
- d) O nome, apelidos e domicilio do denunciante ou, se é un axente da autoridade, o seu número de identificación profesional.

3. Nas denuncias que os axentes da autoridade notifiquen no acto ao denunciado deberá constar, ademais, para efectos do disposto no artigo 86.1:

- a) A infracción presuntamente cometida, a sanción que poida corresponder e o número de puntos cuxa perda comporte a infracción.
- b) O órgano competente para impor a sanción e a norma que lle atribúe tal competencia.
- c) Se o denunciado aboa a sanción no acto deberase sinalar, ademais, a cantidade aboada e as consecuencias derivadas do pagamento da sanción previstas no artigo 94.
- d) No caso de que non aboe a sanción no acto, deberase indicar que a dita denuncia inicia o procedemento sancionador e que dispón dun prazo de vinte días naturais para efectuar o pagamento, coa redución e as consecuencias establecidas no artigo 94, ou para formular as alegacións e propor as probas que considere convenientes. Neste caso, indicaranse os lugares, oficinas ou dependencias onde pode presentalas.
- e) Se no prazo sinalado no parágrafo anterior non se formularon alegacións ou non se aboou a multa, indicarse que o procedemento se considerará concluído o día seguinte ao da finalización do dito prazo, conforme se establece no artigo 95.4.
- f) O domicilio que, se for o caso, indique o interesado para efectos de notificacións. Este domicilio non se terá en conta se o denunciado ten asignado un enderezo electrónico viario (EEV), isto sen prexuízo do previsto na normativa sobre acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

4. No suposto de infraccións que impliquen detracción de puntos, o axente denunciante tomará nota dos datos do permiso ou da licenza de condución e remitiraos ao órgano sancionador competente que, cando a sanción sexa firme en vía administrativa, os comunicará xuntamente coa sanción e a detracción de puntos correspondente ao Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

5. Cando o infractor non acredite a súa residencia legal en territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, o condutor deberá trasladar o vehículo e inmovilizalo no lugar indicado polo axente denunciante. O depósito poderase efectuar mediante tarxeta de crédito, ou en metálico en euros e, en todo caso, terase en conta o previsto no artigo 94 respecto á posibilidade de redución do 50 por cento da multa inicialmente fixada.

6. Nas denuncias por feitos alleos á circulación especificaranse todos os datos necesarios para a súa descrición.



Artigo 88. *Valor probatorio das denuncias dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, no exercicio das funcións que teñen encomendadas.*

As denuncias formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas terán valor probatorio, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados, da identidade de quen os cometeu e, se for o caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

Artigo 89. *Notificación da denuncia.*

1. As denuncias notificaranse ao denunciado no acto.  
2. Non obstante, a notificación poderase efectuar nun momento posterior sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a denuncia se formule en circunstancias en que a detención do vehículo poida orixinar un risco para a circulación. Neste caso, o axente deberá indicar os motivos concretos que a impiden.

b) Que a denuncia se formule estando o vehículo estacionado, cando o condutor non estea presente.

c) Que se tivese coñecemento da infracción a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

d) Que o axente denunciante se encontre realizando labores de vixilancia, control, regulación ou disciplina do tráfico e careza de medios para seguir o vehículo.

Artigo 90. *Práctica da notificación das denuncias.*

1. As administracións con competencias sancionadoras en materia de tráfico notificarán as denuncias que non se entreguen no acto e as demais notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador na enderezo electrónico viario (EEV).

No caso de que o denunciado non o tivese, a notificación efectuarase no domicilio que expresamente indicase para o procedemento e, na súa falta, no domicilio que figure nos rexistros do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. A notificación no enderezo electrónico viario (EEV) permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición do denunciado do acto obxecto de notificación, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

Se, existindo constancia da recepción da notificación no enderezo electrónico viario (EEV), transcorren dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que aquela foi rexeitada, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso. O rexeitamento farase constar no procedemento sancionador, especificando as circunstancias do intento de notificación, considerarase efectuado o trámite e continuará o procedemento.

3. Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de entregarse, poderase facer cargo dela calquera persoa que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade.

Se ninguén se fai cargo da notificación, deixarase constancia desta circunstancia no procedemento sancionador, xunto co día e a hora en que se intentou, e practicarase de novo dentro dos tres días seguintes. Se tampouco é posible a entrega, considerarase cumprido o trámite e publicarase no *Boletín Oficial del Estado*.

Se, estando o interesado no domicilio, rexeita a notificación, farase constar no procedemento sancionador, especificando as circunstancias do intento de notificación, considerarase efectuado o trámite e continuará o procedemento.

Artigo 91. *Notificacións no «Boletín Oficial del Estado» (BOE).*

As notificacións que non se poidan efectuar no enderezo electrónico viario (EEV) e, en caso de non dispor del, no domicilio expresamente indicado para o procedemento ou, de non ter indicado ningún, no domicilio que figure nos rexistros do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, practicaranse no «Boletín Oficial del Estado» (BOE). Transcorrido o período de vinte días naturais desde que a notificación se publique no BOE, entenderase que esta foi practicada e considerárase cumprido o dito trámite.

Artigo 92. *Taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra).*

1. Con carácter previo e facultativo, as notificacións a que se refire o artigo anterior poderanse practicar tamén no taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra), que será xestionado polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. O funcionamento, a xestión e a publicación no Testra faranse conforme o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal e na de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 93. *Clases de procedementos sancionadores.*

1. Unha vez notificada a denuncia, xa sexa no acto ou nun momento posterior, o denunciado disporá dun prazo de vinte días naturais para realizar o pagamento voluntario con redución da sanción de multa, ou para formular as alegacións e propor ou achegar as probas que considere oportunas.

No suposto de que non se producise a detención do vehículo, o titular, o arrendatario a longo prazo ou o condutor habitual, se for o caso, disporán dun prazo de vinte días naturais para identificar o condutor responsable da infracción, contra o cal se iniciará o procedemento sancionador. Esta identificación efectuarase por medios telemáticos se a notificación se realizou a través do enderezo electrónico viario (EEV).

Se se efectúa o pagamento da multa nas condicións indicadas no parágrafo primeiro, seguirase o procedemento sancionador abreviado e, en caso de non facelo, o procedemento sancionador ordinario.

2. O procedemento sancionador abreviado non será de aplicación ás infraccións previstas no artigo 77.h), j), n), ñ), o), p), q) e r).

3. O incumprimento da obrigaçión de asegurar o vehículo que se establece na normativa sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor poderase sancionar conforme un dos dous procedementos sancionadores que se establecen nesta lei.

4. Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos na normativa de procedemento administrativo común, as alegacións, escritos e recursos que deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderanse presentar nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente, estes remitiranos aos órganos competentes en materia de tráfico coa maior brevidade posible.

Artigo 94. *Procedemento sancionador abreviado.*

Unha vez realizado o pagamento voluntario da multa, xa sexa no acto de entrega da denuncia ou dentro do prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación, concluirá o procedemento sancionador coas seguintes consecuencias:

- a) A redución do 50 por cento do importe da sanción.
- b) A renuncia a formular alegacións. No caso de que se formulen considerárase non presentadas.

c) A terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pagamento.

d) O esgotamento da vía administrativa, polo que será unicamente impugnabile ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

e) O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo iniciárase o día seguinte a aquel en que teña lugar o pagamento.

f) A firmeza da sanción na vía administrativa desde o momento do pagamento, que produce plenos efectos desde o día seguinte.

g) A sanción non computará como antecedente no Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, sempre que se trate de infraccións graves que non comporten perda de puntos.

#### Artigo 95. *Procedemento sancionador ordinario.*

1. Unha vez notificada a denuncia, o interesado disporá dun prazo de vinte días naturais para formular as alegacións que teña por conveniente e propor ou achegar as probas que considere oportunas.

2. Se as alegacións formuladas proporcionan datos novos ou distintos dos constatados polo axente denunciante, e sempre que o considere necesario o instrutor, darase traslado daquelas ao axente para que emita informe no prazo de quince días naturais.

En todo caso, o instrutor poderá acordar que se practiquen as probas que considere pertinentes para a indagación e cualificación dos feitos e para a determinación das posibles responsabilidades. A denegación da práctica das probas deberá ser motivada e deixárase constancia no procedemento sancionador.

3. Unha vez concluída a instrución do procedemento sancionador, o órgano instrutor elevará proposta de resolución ao órgano competente para sancionar para que dite a resolución que proceda. Unicamente se dará traslado da proposta ao interesado, para que poida formular novas alegacións no prazo de quince días naturais, se figuran no procedemento sancionador ou se tiveron en conta na resolución outros feitos ou outras alegacións e probas diferentes ás aducidas polo interesado.

4. Cando se trate de infraccións leves, de infraccións graves que non supoñan a detración de puntos, ou de infraccións moi graves e graves cuxa notificación se efectuase no acto da denuncia, se o denunciado non formula alegacións nin aboa o importe da multa no prazo dos vinte días naturais seguintes ao da notificación da denuncia, esta producirá o efecto de acto resolutorio do procedemento sancionador. Neste suposto, a sanción poderase executar transcorridos trinta días naturais desde a notificación da denuncia.

5. A terminación do procedemento pon fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte ao transcurso dos trinta días antes indicados.

#### Artigo 96. *Recursos no procedemento sancionador ordinario.*

1. A resolución sancionadora porá fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte a aquel en que se notifique ao interesado, e producirá plenos efectos, ou, se for o caso, unha vez que transcorra o prazo indicado no artigo 95.4.

2. Contra as resolucións sancionadoras poderase interpor recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

O recurso interporase ante o órgano que ditou a resolución sancionadora, que será o competente para resolvelo.

3. A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado nin a da sanción. No caso de que o recorrente solicite a suspensión da execución, esta entenderase denegada transcorrido o prazo dun mes desde a súa solicitude sen que se resolverse.

4. Non se terán en conta na resolución do recurso feitos, documentos e alegacións do recorrente que puidesen ter sido achegados no procedemento orixinario.

5. O recurso de reposición regulado neste artigo entenderase desestimado se non se dita resolución expresa no prazo dun mes, e queda expedita a vía contencioso-administrativa.

6. Contra as resolucións sancionadoras ditadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como polos alcaldes, no caso das entidades locais, observarase o establecido nos anteriores números respectando a competencia sancionadora prevista na súa normativa específica.

## CAPÍTULO V

### Intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico

Artigo 97. *Procedemento para o intercambio transfronteirizo de información.*

1. Establécese o procedemento para o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións de tráfico cando se cometan cun vehículo matriculado nun Estado membro da Unión Europea distinto daquel en que se cometeu a infracción.

2. O tratamento dos datos de carácter persoal derivado do intercambio transfronteirizo de información efectuarase conforme o disposto na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 98. *Infraccións.*

O intercambio transfronteirizo de información levarase a cabo sobre as seguintes infraccións de tráfico:

- a) Exceso de velocidade.
- b) Condución con taxas de alcohol superiores ás regulamentariamente establecidas.
- c) Non utilización do cinto de seguranza ou doutros sistemas de retención homologados.
- d) Non detención ante un semáforo en vermello ou no lugar prescrito polo sinal de «stop».
- e) Circulación por un carril prohibido, circulación indebida pola beiravía ou por un carril reservado para determinados usuarios.
- f) Condución con presenza de drogas no organismo.
- g) Non utilización do casco de protección.
- h) Utilización do teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo de comunicación durante a condución cando non estea permitido.

Artigo 99. *Punto de contacto nacional.*

1. Para o intercambio de información os puntos de contacto nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder ao Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, co fin de levar a cabo as indagacións necesarias para identificar os condutores de vehículos matriculados en España cos cales se cometesen no territorio dos ditos Estados as infraccións recollidas no artigo anterior.

2. O punto de contacto nacional será o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, que poderá acceder, coa finalidade prevista neste capítulo, aos rexistros correspondentes dos restantes Estados membros da Unión Europea.

3. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, na súa condición de punto de contacto nacional, terá as seguintes funcións:

- a) Atender as peticións de datos.
- b) Garantir o adecuado funcionamento do sistema de obtención e cesión de datos.
- c) Garantir a aplicación da normativa de protección de datos de carácter persoal.

d) Solicitar tanta información requiran os puntos de contacto nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.

e) Elaborar os informes completos que se deben remitir á Comisión, como máis tarde, o 6 de maio de 2016 e cada dous anos desde a dita data.

f) Informar, en colaboración con outros órganos con competencias en materia de tráfico, así como coas organizacións e asociacións vinculadas á seguranza viaria e ao automóbil, os usuarios das vías públicas do previsto neste título a través da páxina web [www.dgt.es](http://www.dgt.es).

No informe completo a que se refire a letra e) indicárase o número de buscas automatizadas efectuadas polo Estado membro da infracción, destinadas ao punto de contacto do Estado membro de matriculación, a raíz de infraccións cometidas no seu territorio, xunto co tipo de infraccións para as cales se presentaron solicitudes e o número de solicitudes fallidas. Incluirá, así mesmo, unha descrición da situación respecto do seguimento dado ás infraccións de tráfico en materia de seguranza viaria, sobre a base da proporción de tales infraccións que deron lugar a cartas de información.

3. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico porá á disposición dos puntos de contacto nacionais dos demais Estados membros os datos dispoñibles relativos aos vehículos matriculados en España, así como os relativos aos seus titulares, condutores habituais ou arrendatarios a longo prazo que se indican no anexo VI.

#### Artigo 100. *Intercambio de datos.*

1. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, salvo que se constate que a petición de datos non é conforme co establecido neste capítulo, facilitará aos órganos competentes para sancionar en materia de tráfico os datos relativos ao propietario ou titular do vehículo con que se cometeu a infracción en territorio nacional cun vehículo matriculado noutro Estado membro da Unión Europea, así como os relativos ao propio vehículo que se encontren dispoñibles no rexistro correspondente do Estado de matriculación, obtidos a partir dos datos de busca recollidos no anexo V.

2. As comunicacións de datos realizaranse exclusivamente por medios electrónicos, de acordo coas especificacións técnicas que estableza o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

#### Artigo 101. *Carta de información.*

1. A partir dos datos subministrados polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, os órganos competentes para sancionar en materia de tráfico poderán dirixir ao presunto autor da infracción unha carta de información. Para tal efecto, poderán utilizar o modelo previsto no anexo VII.

2. A carta de información enviarase ao presunto infractor na lingua do documento de matriculación do vehículo, se se ten acceso a el, ou nunha das linguas oficiais do Estado de matriculación, noutro caso.

3. A notificación da dita carta deberase efectuar persoalmente ao presunto infractor.

#### Artigo 102. *Documentos.*

Nos procedementos sancionadores que se incoen como resultado do intercambio de información previsto nesta disposición, os documentos que se notifiquen ao presunto infractor enviaranse na lingua do documento de matriculación do vehículo ou nun dos idiomas oficiais do Estado de matriculación.

## CAPÍTULO VI

**Medidas provisionais e outras medidas**Artigo 103. *Medidas provisionais.*

O órgano competente que ordenase a incoación do procedemento sancionador poderá adoptar, mediante acordo motivado e en calquera momento da instrución, as medidas provisionais que aseguren a eficacia da resolución final que se poida ditar.

Artigo 104. *Inmovilización do vehículo.*

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, no exercicio das funcións que teñen encomendadas, poderán inmovilizar o vehículo, como consecuencia de presuntas infraccións ao disposto nesta lei, cando:

a) O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non tela obtido, porque fose obxecto de anulación ou se declarase a súa perda de vixencia, ou se incumpran as condicións da autorización que habilita para a súa circulación.

b) O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguranza viaria.

c) O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección ou dos dispositivos de retención infantil, nos casos en que é obrigatorio. Esta medida non se aplicará aos ciclistas.

d) Se produza a negativa a efectuar as probas a que se refire o artigo 14.2 e 3, ou cando estas dean un resultado positivo.

e) O vehículo careza de seguro obrigatorio.

f) Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por cento dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.

g) Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.

h) O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.

i) Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.

j) O vehículo estea dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas e dos medios de control a través de captación de imaxes.

k) Se conduza un vehículo para o cal se exige permiso da clase C ou D, sen a autorización administrativa correspondente.

l) No suposto previsto no artigo 39.4.

2. A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

3. Nos supostos previstos nas letras h), i) e j) do número 1, a inmovilización só se levantará no caso de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, aquel certifique a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

4. No suposto recollido na letra e) do número 1 observarase o disposto na normativa sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

5. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando até o lugar designado.

6. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a

infracción. Na súa falta, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, na falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo ao levantamento da medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de recurso e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que deu lugar a que a Administración adopte a dita medida. Os axentes poderán retirar o permiso de circulación do vehículo até que se acredite o aboamento dos gastos referidos.

Nos supostos previstos nas letras h), i) e j) do número 1, os gastos da inspección serán por conta do denunciado, se se acredita a infracción.

7. Se o vehículo inmovilizado é utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

#### Artigo 105. *Retirada e depósito do vehículo.*

1. A autoridade encargada da xestión do tráfico poderá, se o obrigado a isto non o fai, retirar o vehículo da vía e depositalo no lugar que se designe nos seguintes casos:

- a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.
- b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.
- c) Cando proceda legalmente a inmovilización do vehículo pero non haxa lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- d) Cando, inmovilizado un vehículo de acordo co disposto no artigo 104, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.
- e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.
- f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e nas zonas reservadas á carga e descarga.
- g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se supere o triplo do tempo aboadado conforme o establecido na ordenanza municipal.
- h) Cando obstaculice, dificulte ou supoña un perigo para a circulación.

2. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada a que se refire o número anterior serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que deu lugar á retirada. O axente da autoridade poderá retirar o permiso de circulación do vehículo até que se acredite o aboamento dos gastos referidos.

3. A Administración deberá comunicar a retirada e o depósito do vehículo ao titular no prazo de vinte e catro horas. A comunicación efectuarase a través do enderezo electrónico viario, se o titular dispón del.

#### Artigo 106. *Tratamento residual do vehículo.*

1. A Administración competente en materia de ordenación e xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de tratamento de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

- a) Cando transcorresen máis de dous meses desde que o vehículo foi inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola Administración e o seu titular non formulase alegacións.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente estragos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.

c) Cando, recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado, o seu titular non o retire no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a Administración requirirá o seu titular e advertiralle que, de non o retirar no prazo dun mes, se trasladará ao centro autorizado de tratamento.

2. No suposto previsto no número 1, letra c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos, deberá achegar a documentación que acredite que solicitou ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.

3. Naqueles casos en que se considere conveniente, a Xefatura Provincial de Tráfico, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, e o alcalde ou autoridade correspondente por delegación, poderán acordar a substitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia do tráfico, respectivamente en cada ámbito.

*Artigo 107. Limitacións de disposición nas autorizacións administrativas.*

1. O titular dun permiso ou licenza de condución non poderá efectuar ningún trámite relativo aos vehículos de que sexa titular no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico cando figuren como non pagadas no seu historial de condutor catro sancións firmes en vía administrativa por infraccións graves ou moi graves.

2. O titular dun vehículo non poderá efectuar ningún trámite relativo a este cando figuren como non pagadas no historial do vehículo catro sancións firmes en vía administrativa por infraccións graves ou moi graves.

3. Queda exceptuado do disposto nos números anteriores o trámite de baixa temporal ou definitiva de vehículos.

## CAPÍTULO VII

### Execución das sancións

*Artigo 108. Execución.*

Unha vez firme a sanción en vía administrativa, procederase á súa execución conforme o previsto nesta lei.

*Artigo 109. Execución da sanción de suspensión das autorizacións.*

O cumprimento da sanción de suspensión prevista no artigo 80 iniciárase transcorrido un mes desde que adquirise firmeza en vía administrativa, e o seu período de suspensión anotárase nos correspondentes rexistros.

*Artigo 110. Cobramento de multas.*

1. Unha vez firme a sanción, o interesado disporá dun prazo final de quince días naturais para o pagamento da multa. Finalizado o prazo establecido sen que se pague a multa, iniciárase o procedemento de constrinximento.

2. Os órganos e procedementos da recadación executiva serán os establecidos na normativa tributaria que lle sexa de aplicación, segundo as autoridades que as impuxesen.



Artigo 111. *Responsables subsidiarios do pagamento de multas.*

1. Os titulares dos vehículos con que se cometese unha infracción serán responsables subsidiarios en caso de falta de pagamento da multa imposta ao condutor, salvo nos seguintes supostos:

- a) Roubo, furto ou calquera outro uso en que quede acreditado que o vehículo foi utilizado en contra da súa vontade.
- b) Cando o titular sexa unha empresa de alugamento sen condutor.
- c) Cando o vehículo teña designado un arrendatario a longo prazo no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá naquel.
- d) Cando o vehículo teña designado un condutor habitual no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá naquel.

2. A declaración de responsabilidade subsidiaria e as súas consecuencias, incluída a posibilidade de adoptar medidas cautelares, rexeranse polo disposto na normativa tributaria.

3. O responsable que satisfíxese a multa ten dereito de reembolso contra o infractor pola totalidade do que satisfíxese.

## CAPÍTULO VIII

### **Prescripción, caducidade e cancelación de antecedentes**

Artigo 112. *Prescripción e caducidade.*

1. O prazo de prescripción das infraccións previstas nesta lei será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescripción comezará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se cometesen.

2. A prescripción interrómtese por calquera actuación administrativa de que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a indagar a súa identidade ou domicilio e se practique con outras administracións, institucións ou organismos. Tamén se interrompe pola notificación efectuada de acordo cos artigos 89, 90 e 91.

O prazo de prescripción restablecerase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

3. Se non se producise a resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e arquivaranse as actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio por parte do órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez que adquirise firmeza a resolución xudicial, restablecerase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. O prazo de prescripción das sancións consistentes en multa será de catro anos e o da suspensión prevista no artigo 80 será dun ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a sanción en vía administrativa.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescripción do dereito da Administración para exixir o pagamento das sancións en vía de constrinximento consistentes en multa rexeranse polo disposto na normativa tributaria.

Artigo 113. *Anotación e cancelación.*

1. As sancións por infraccións graves e moi graves e a detracción de puntos deberán ser comunicadas ao Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico pola autoridade que as impuxo, no prazo dos quince días naturais seguintes á súa firmeza en vía administrativa.

2. As autoridades xudiciais comunicarán ao Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, no prazo dos quince días naturais seguintes á súa firmeza, as penas de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores que se impoñan pola comisión de delitos contra a seguranza viaria.

3. No Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico quedarán reflectidas as sancións firmes por infraccións graves e moi graves en que un vehículo, tanto matriculado en España como no estranxeiro, estivese implicado e a súa falta de pagamento, se for o caso. Estas anotacións formarán parte do historial do vehículo.

4. As anotacións cancelaranse de oficio, para efectos de antecedentes, unha vez transcorridos tres anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.

## TÍTULO VI

### Rexistro Nacional de Víctimas de Accidentes de Tráfico

#### Artigo 114. *Creación.*

1. Créase o Rexistro Nacional de Víctimas de Accidentes de Tráfico do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. As comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor poderán crear, respecto aos seus ámbitos territoriais, os seus propios rexistros de vítimas de accidentes de tráfico.

#### Artigo 115. *Finalidade.*

1. No Rexistro Nacional de Víctimas de Accidentes de Tráfico figurarán unicamente aqueles datos que sexan relevantes e que permitan dispor da información necesaria para determinar as causas e circunstancias en que se produciron os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

Os asentos do Rexistro non conterán máis datos identificativos dos implicados ou relacionados coa súa saúde que os estritamente necesarios para o cumprimento da súa finalidade, conforme se establece no parágrafo anterior.

2. O titular responsable do Rexistro adoptará as medidas de xestión e organización necesarias para asegurar, en todo caso, a confidencialidade, a seguranza e a integridade dos datos automatizados de carácter persoal existentes no Rexistro e o seu uso para as finalidades para as cales foron recollidos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías, as obrigacións e os dereitos recoñecidos na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Permisos e licenzas de condución nas comunidades autónomas con lingua cooficial.*

Naquelas comunidades autónomas que teñan unha lingua cooficial, os permisos e licenzas de condución redactaranse, ademais de en castelán, na dita lingua.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.*

As comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor serán as encargadas, no seu ámbito territorial, de determinar o modo de impartir os cursos de sensibilización e reeducación viaria, de acordo coa duración, co contido e cos requisitos daqueles que se determinen con carácter xeral.

Disposición adicional terceira. *Cursos para condutores profesionais.*

A realización de cursos de obrigado cumprimento polos condutores profesionais comportará a recuperación de até un máximo de catro puntos, nas condicións que se determinen mediante orde do ministro do Interior. Esta recuperación será compatible coa recuperación dos puntos obtidos mediante a realización dun curso de sensibilización e reeducación viaria.

Disposición adicional cuarta. *Obrigación de destinar as sancións económicas ao financiamento de seguranza viaria, prevención de accidentes de tráfico e axuda ás vítimas.*

O importe das sancións económicas obtidas por infraccións a esta lei, no ámbito da Administración xeral do Estado, destinarase integramente ao financiamento de actuacións e servizos en materia de seguranza viaria, prevención de accidentes de tráfico e axuda ás vítimas.

Disposición adicional quinta. *Notificacións en comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.*

As comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor poderán substituír as notificacións no enderezo electrónico viario por notificacións a través das súas propias plataformas informáticas, para aqueles cidadáns que opten por elas.

As administracións locais pertencentes aos ámbitos territoriais das comunidades autónomas que recibiron o traspaso de funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor poderán subscribir convenios de colaboración para efectuar as notificacións telemáticas a través das plataformas de notificación da comunidade autónoma.

Disposición adicional sexta. *Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.*

O Goberno velará polo cumprimento do disposto na normativa relativa a persoas con discapacidade e a súa inclusión social respecto a todos aqueles centros que, en materia de seguranza viaria, necesiten de autorización previa para desenvolver a súa actividade, ou cuxa xestión sexa competencia da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional sétima. *Responsabilidade en accidentes de tráfico por atropelos de especies cinexéticas.*

En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas nas vías públicas será responsable dos danos a persoas ou bens o condutor do vehículo, sen que se poida reclamar polo valor dos animais que irrompan naquelas.

Non obstante, será responsable dos danos a persoas ou bens o titular do aproveitamento cinexético ou, na súa falta, o propietario do terreo cando o accidente de tráfico sexa consecuencia directa dunha acción de caza colectiva dunha especie de caza maior levada a cabo o mesmo día ou que conclúise doce horas antes daquel.

Tamén poderá ser responsable o titular da vía pública en que se produza o accidente como consecuencia de non ter reparado o valo de cerramento en prazo, se for o caso, ou por non dispor da sinalización específica de animais soltos en tramos con alta accidentalidade por colisión de vehículos con eles.

Disposición adicional oitava. *Documentación correspondente a outras administracións públicas.*

O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e as administracións públicas competentes poderán articular mecanismos de cooperación, mediante os oportunos convenios de colaboración, para a transmisión dos documentos que as citadas administracións deban remitir ao dito organismo autónomo por imposición dunha normativa allea a esta lei.

Disposición adicional novena. *Baixa definitiva por traslado do vehículo a outro país.*

Prohíbese dar de baixa definitiva, por traslado a outro país, vehículos que non cumpran os requisitos de seguranza e ambientais que se establezan regulamentariamente.

Disposición adicional décima. *Actividades industriais e seguranza viaria.*

Sen prexuízo do disposto nesta lei, as actividades industriais que afecten directamente a seguranza viaria rexeranse polo previsto na normativa sobre seguranza industrial.

Disposición adicional décimo primeira. *Integración e coordinación de notificacións a través do taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra) e do enderezo electrónico viario (EEV).*

O taboleiro de edictos de sancións de tráfico (Testra) poderase integrar no taboleiro de edictos único cando razóns xustificadas de eficiencia na prestación do servizo así o aconsellen para os anuncios de notificacións de edictos dos procedementos sancionadores en materia de tráfico. Por estes mesmos motivos e cumprindo as funcións que a lei recolle, o enderezo electrónico viario (EEV) poderá integrarse ou coordinarse co enderezo electrónico habilitado (EEH).

Disposición transitoria primeira. *Matriculación definitiva de vehículos en España.*

O disposto no artigo 68.2 en canto á matriculación definitiva en España de vehículos non será efectivo até que se proceda a regular regulamentariamente aqueles aspectos que permitan a súa aplicación.

Disposición transitoria segunda. *Práctica das notificacións no enderezo electrónico viario (EEV).*

As administracións locais practicarán as notificacións no enderezo electrónico viario (EEV) antes do 25 de maio de 2016, sempre que o permitan as súas dispoñibilidades orzamentarias e os seus medios técnicos.

Disposición transitoria terceira. *Límites de velocidade para vehículos de tres rodas asimilados a motocicletas.*

Até que se modifique o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e se fixen os límites de velocidade para os vehículos de tres rodas asimilados ás motocicletas, estes vehículos terán os mesmos límites de velocidade que se establecen no dito regulamento para as motocicletas de dúas rodas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado sobre tráfico e circulación de vehículos de motor polo artigo 149.1.21ª da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións normativas.*

1. Habilítase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para desenvolver esta lei.
2. Así mesmo, habilítase especificamente o Goberno:
  - a) para modificar os conceptos básicos contidos no anexo I de acordo coa variación das súas definicións que se produza no ámbito de acordos e convenios internacionais con transcendencia en España.
  - b) para modificar o anexo II.
  - c) para regular as peculiaridades do réxime de autorizacións e circulación dos vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior e, se for o caso, dos demais ministros competentes.
  - d) para revisar a normativa vixente que regula a sinalización viaria vertical, co obxecto de adaptar as súas dimensións mínimas á intensidade actual do tráfico e ao incremento na idade media dos condutores.
  - e) para actualizar a contía das sancións de multa previstas nesta lei, atendendo aos criterios establecidos na normativa de desindexación.
  - f) para modificar a previsión temporal sobre a práctica das notificacións no enderezo electrónico viario contido na disposición transitoria segunda, atendendo á situación financeira e ás posibilidades reais de implementación polas administracións locais das medidas necesarias para a plena efectividade deste sistema de notificacións.
  - g) para establecer o formato do permiso ou licenza de conducción integrado no documento nacional de identidade do condutor no momento que tecnicamente sexa posible, así como o documento complementario que permita visualizar de maneira tanxible o saldo de puntos.
  - h) para regular as marchas cicloturistas.
  - i) para introducir no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, as modificacións necesarias co fin de que a cor do sinal luminoso de todos os vehículos prioritarios sexa azul.

Disposición derradeira terceira. *Habilitacións ao ministro do Interior.*

Habilítase o ministro do Interior para determinar:

- a) a duración, o contido e os requisitos dos cursos de sensibilización e reeducación viaria.
- b) as condicións para practicar a notificación no Testra.
- c) os termos en que o titular ou o arrendatario a longo prazo comunicarán ao Rexistro de Vehículos a identidade do condutor habitual.
- d) os termos en que o arrendatario a longo prazo comunicará ao Rexistro de Vehículos a identidade do arrendatario.
- e) os termos en que se comunicará ao Rexistro Nacional de Víctimas de Accidentes de Tráfico a información referente ás vítimas de accidentes de tráfico.

## ANEXO I

### Conceptos básicos

Para os efectos desta lei e das súas disposicións complementarias, enténdese por:

1. Condutor. Persoa que, coas excepcións do parágrafo segundo do punto 4, manexa o mecanismo de dirección ou vai ao mando dun vehículo, ou que ten ao seu cargo un animal ou animais. En vehículos que circulen en función de aprendizaxe da conducción, ten a consideración de condutor a persoa que está a cargo dos mandos adicionais.
2. Condutor habitual. Persoa que, contando co permiso ou licenza de conducción necesarios, inscrito no Rexistro de Condutores e Infractores e logo do seu consentimento,

é comunicado polo titular do vehículo ou, se for o caso, polo arrendatario a longo prazo ao Rexistro de Vehículos, por ser aquela quen de maneira usual ou con maior frecuencia conduce o dito vehículo.

3. Conductor profesional. Persoa provista da correspondente autorización administrativa para conducir, cuxa actividade laboral principal sexa a condución de vehículos de motor dedicados ao transporte de mercadorías ou de persoas, aspecto que se acreditará mediante certificación expedida pola empresa para a cal exerza aquela actividade, xunto coa correspondente documentación acreditativa da cotización á Seguridade Social como traballador da dita empresa.

Se se trata dun empresario autónomo, a certificación a que se fai referencia no parágrafo anterior será substituída por unha declaración do propio empresario.

Este concepto só será de aplicación no que se refire ao sistema do permiso de condución por puntos.

4. Peón. Persoa que, sen ser conductor, transita a pé polas vías ou terreos a que se refire o artigo 2.

Tamén teñen a consideración de peóns aqueles que empuxan ou arrastran un coche de neno ou dunha persoa con discapacidade ou calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións, os que conducen a pé un ciclo ou ciclomotor de dúas rodas e as persoas con discapacidade que circulan ao paso nunha cadeira de rodas, con ou sen motor.

5. Titular de vehículo. Persoa a cuxo nome figura inscrito o vehículo no rexistro oficial correspondente.

6. Vehículo. Aparello apto para circular polas vías ou terreos a que se refire o artigo 2.

7. Ciclo. Vehículo provisto de, ao menos, dúas rodas e propulsado exclusiva ou principalmente pola enerxía muscular da persoa ou persoas que están sobre o vehículo, en particular por medio de pedais.

Inclúense nesta definición os ciclos de pedaleo asistido.

8. Bicicleta. Ciclo de dúas rodas.

9. Ciclomotor. Teñen a condición de ciclomotores os vehículos que se definen a continuación:

a) Vehículo de dúas rodas, cunha velocidade máxima por construción non superior a 45 km/h e cun motor de cilindrada inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup>, se é de combustión interna, ou ben cunha potencia continua nominal máxima inferior ou igual a 4 kW, se é de motor eléctrico.

b) Vehículo de tres rodas, cunha velocidade máxima por construción non superior a 45 km/h e cun motor cuxa cilindrada sexa inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup> para os motores de acendido por chispa (positiva), ou ben cuxa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kW para os demais motores de combustión interna, ou ben cuxa potencia continua nominal máxima sexa inferior ou igual a 4 kW para os motores eléctricos.

c) Vehículos de catro rodas, cuxa masa en baleiro sexa inferior ou igual a 350 quilogramos non incluída a masa de baterías para os vehículos eléctricos, cuxa velocidade máxima por construción sexa inferior ou igual a 45 km/h, e cuxa cilindrada do motor sexa inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup> para os motores de acendido por chispa (positiva), ou cuxa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kW para os demais motores de combustión interna, ou cuxa potencia continua nominal máxima sexa inferior ou igual a 4 kW para os motores eléctricos.

10. Tranvía. Vehículo que marcha por raís instalados na vía.

11. Vehículo para persoas de mobilidade reducida. Vehículo cuxa tara non sexa superior a 350 quilogramos e que, por construción, non pode alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, equipáranse aos ciclomotores de tres rodas.

12. Vehículo de motor. Vehículo provisto de motor para a súa propulsión. Exclúense desta definición os ciclomotores, os tranvías e os vehículos para persoas de mobilidade reducida.

13. Automóbil. Vehículo de motor que serve, normalmente, para o transporte de persoas ou de cousas, ou de ambas á vez, ou para a tracción doutros vehículos con aquel fin. Exclúense desta definición os vehículos especiais.

14. Motocicleta. Teñen a condición de motocicleta os automóviles que se definen a continuación:

a) Motocicletas de dúas rodas. Automóbil de dúas rodas, sen sidecar, provisto dun motor de cilindrada superior a 50 cm<sup>3</sup>, se é de combustión interna, e/ou cunha velocidade máxima por construción superior a 45 km/h.

b) Motocicletas con sidecar. Automóbil de tres rodas asimétricas respecto ao seu eixe medio lonxitudinal, provisto dun motor de cilindrada superior a 50 cm<sup>3</sup>, se é de combustión interna, e/ou cunha velocidade máxima por construción superior a 45 km/h.

15. Turismo. Automóbil destinado ao transporte de persoas que teña, polo menos, catro rodas e que teña, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo.

16. Autobús ou autocar. Automóbil que teña máis de nove prazas, incluída a do condutor, destinado, pola súa construción e acondicionamento, ao transporte de persoas e das súas equipaxes. Inclúense neste termo o trolebús, é dicir, o vehículo conectado a unha liña eléctrica e que non circula por raís.

17. Autobús ou autocar articulado. Autobús ou autocar composto por dúas partes ríxidas unidas entre si por unha sección articulada. Neste tipo de vehículos, os compartimentos para viaxeiros de cada unha de ambas as partes ríxidas comunícanse entre si.

A sección articulada permite a libre circulación dos viaxeiros entre as partes ríxidas. A conexión e disxunción entre as dúas partes unicamente se poderá realizar no taller.

18. Camión. Automóbil con catro rodas ou máis, concibido e construído para o transporte de mercadorías, cuxa cabina non está integrada no resto da carrozaría e cun máximo de nove prazas, incluído o condutor.

19. Vehículo mixto adaptable. Automóbil especialmente disposto para o transporte, simultáneo ou non, de mercadorías e persoas até un máximo de nove, incluído o condutor, e no cal se pode substituír eventualmente a carga, parcial ou totalmente, por persoas mediante a adición de asentos.

20. Remolque. Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser remolcado por un vehículo de motor.

21. Remolque lixeiro. Aquel cuxa masa máxima autorizada non exceda 750 kg. Para efectos desta clasificación, exclúense os agrícolas.

22. Semirremolque. Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser acoplado a un automóbil, sobre o cal repousará parte del, transferíndolle unha parte substancial da súa masa.

23. Tractocamión. Automóbil concibido e construído para realizar, principalmente, o arrastre dun semirremolque.

24. Conxunto de vehículos. Teñen a condición de conxunto de vehículos:

a) Vehículo articulado. Automóbil constituído por un vehículo de motor acoplado a un semirremolque.

b) Tren de estrada. Automóbil constituído por un vehículo de motor enganchado a un remolque.

25. Vehículo especial (V.E.). Vehículo, autopropulsado ou remolcado, concibido e construído para realizar obras ou servizos determinados e que, polas súas características, está exceptuado de cumprir algunha das condicións técnicas regulamentariamente establecidas ou supera permanentemente os límites establecidos nel para masas ou dimensións, así como a maquinaria agrícola e os seus remolques.

26. Tractor de obras. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, concibido e construído para arrastrar ou empuxar útiles, máquinas ou vehículos de obras.

27. Tractor de servizos. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, concibido e construído para arrastrar ou empuxar vehículos de servizo, vagóns ou outros aparellos.

28. Tractor agrícola. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, concibido e construído para arrastrar, empuxar, levar ou accionar apeiros, maquinaria ou remolques agrícolas.

29. Motocultor. Vehículo especial autopropulsado, dun eixe, dirixible por rabelas por un condutor que marche a pé. Certos motocultores poden, tamén, ser dirixidos desde un asento incorporado a un remolque ou máquina agrícola ou a un apeiro ou bastidor auxiliar con rodas.

30. Tractocarro. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, especialmente concibido para o transporte en campo de produtos agrícolas.

31. Máquina agrícola automotriz. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, concibido e construído para efectuar traballos agrícolas.

32. Portador. Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixes, concibido e construído para portar máquinas agrícolas.

33. Máquina agrícola remolcada. Vehículo especial concibido e construído para efectuar traballos agrícolas que, para trasladarse e manobrar, debe ser arrastrado ou empuxado por un tractor agrícola, motocultor, portador ou máquina agrícola automotriz. Exclúense desta definición os apeiros agrícolas, entendéndose por tales os útiles ou instrumentos agrícolas, sen motor, concibidos e construídos para efectuar traballos de preparación do terreo ou labra que, ademais, non se consideran vehículos, así como tamén o resto da maquinaria agrícola remolcada de menos de 750 quilogramos de masa.

34. Remolque agrícola. Vehículo especial de transporte construído e destinado para ser arrastrado por un tractor agrícola, motocultor, portador ou máquina agrícola automotriz. Inclúense nesta definición os semirremolques agrícolas.

35. Tara. Masa do vehículo, co seu equipamento fixo autorizado, sen persoal de servizo, pasaxeiros nin carga, e coa súa dotación completa de auga, combustible, lubricante, repostos, ferramentas e accesorios regulamentarios.

36. Masa en carga. A masa efectiva do vehículo e da súa carga, incluída a masa do persoal de servizo e dos pasaxeiros.

37. Masa máxima autorizada (M.M.A.). A masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas.

38. Masa por eixe. A que gravita sobre o solo, transmitida pola totalidade das rodas acopladas a ese eixe.

39. Grupo de eixes. Os eixes que forman parte dun *bogie*. No caso de dous eixes, o grupo denominarase tándem, e tándem triaxial en caso de tres eixes.

40. Luz de estrada ou de longo alcance. Luz utilizada para iluminar unha distancia longa da vía por diante do vehículo.

41. Luz de cruzamento ou de curto alcance. Luz utilizada para iluminar a vía por diante do vehículo, sen cegar nin molestar os condutores que veñan en sentido contrario, nin os demais usuarios da vía.

42. Luz de posición dianteira. Luz utilizada para indicar a presenza e a largura do vehículo, cando se vexa desde diante.

43. Luz de posición traseira. Luz utilizada para indicar a presenza e a largura do vehículo, cando se vexa desde detrás.

44. Catadióptrico. Dispositivo utilizado para indicar a presenza do vehículo mediante a reflexión da luz procedente dunha fonte luminosa independente do dito vehículo, estando o observador cerca da fonte.

Non se considerarán catadióptricos:

- As placas de matrícula retrorreflectoras.
- Os sinais retrorreflectores mencionados no ADR.



– As demais placas e sinais retrorreflectores que se deban levar para cumprir a regulamentación vixente sobre a utilización de determinadas categorías de vehículos ou de determinados modos de funcionamento.

45. Luz de marcha atrás. Luz utilizada para iluminar a vía por detrás do vehículo e para advertir os demais usuarios da vía que o vehículo vai, ou está a punto de ir, marcha atrás.

46. Luz indicadora de dirección. Luz utilizada para indicar aos demais usuarios da vía que o condutor quere cambiar de dirección cara á dereita ou cara á esquerda.

47. Luz de freo. Luz utilizada para indicar, aos usuarios da vía que circulan detrás do vehículo, que o condutor deste está accionando o freo de servizo.

48. Luz delimitadora. Luz instalada o máis cerca posible do bordo exterior máis elevado do vehículo e destinada claramente a indicar a largura total do vehículo. En determinados vehículos e remolques, esta luz serve de complemento ás luces de posición dianteiras e traseiras do vehículo para sinalar o seu volume.

49. Sinal de emerxencia. O funcionamento simultáneo de todas as luces indicadoras de dirección do vehículo para advertir que o vehículo representa temporalmente un perigo para os demais usuarios da vía.

50. Luz antinéboa dianteira. Luz utilizada para mellorar a iluminación da estrada en caso de néboa, nevarada, tormenta ou nube de po.

51. Luz antinéboa traseira. Luz utilizada para facer o vehículo máis visible por detrás en caso de néboa densa.

52. Luz de iluminación interior. Luz destinada á iluminación do habitáculo do vehículo en forma tal que non produza cegamento nin moleste indebidamente os demais usuarios da vía.

53. Luz de estacionamento. Luz utilizada para sinalizar a presenza dun vehículo estacionado en zona edificada. En tales circunstancias substitúe as luces de posición dianteiras e traseiras.

54. Plataforma. Zona da estrada dedicada ao uso de vehículos, formada pola calzada e polas beiravías.

55. Calzada. Parte da estrada dedicada á circulación de vehículos. Componse dun certo número de carrís.

56. Carril. Banda lonxitudinal en que pode estar subdividida a calzada, delimitada ou non por marcas viarias lonxitudinais, sempre que teña unha largura suficiente para permitir a circulación dunha fila de automóbiles que non sexan motocicletas.

57. Carril para vehículos con alta ocupación. Aquel especialmente reservado ou habilitado para a circulación dos vehículos con alta ocupación.

58. Beirarrúa. Zona lonxitudinal da estrada elevada ou non, destinada ao tránsito de peóns.

59. Zona peonil. Parte da vía, elevada ou delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúense nesta definición a beirarrúa, a plataforma e o paseo.

60. Refuxio. Zona peonil situada na calzada e protexida do tránsito rodado.

61. Beiravía. Franxa lonxitudinal afirmada contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóbiles, máis que en circunstancias excepcionais.

62. Intersección. Nó da rede viaria en que todos os cruzamentos de traxectorias posibles dos vehículos que o utilizan se realizan a nivel.

63. Glorieta. Tipo especial de intersección caracterizado por que os tramos que nel conflúen se comunican a través dun anel no cal se establece unha circulación rotatoria arredor dunha illa central. Non son glorietas propiamente ditas as denominadas glorietas partidas en que dous tramos, xeralmente opostos, se conectan directamente a través da illa central, polo que o tráfico pasa dun a outro e non a rodea.

64. Paso a nivel. Cruzamento á mesma altura entre unha vía e unha liña de ferrocarril con plataforma independente.

65. Estrada. Vía pública pavimentada situada fóra de poboación, salvo os tramos en travesía.

66. Autoestrada. Estrada especialmente proxectada, construída e sinalizada como tal para a exclusiva circulación de automóviles e que ten as seguintes características:

- a) Non teren acceso a elas as propiedades lindeiras.
- b) Non cruzar a nivel ningunha outra senda, vía, liña de ferrocarril ou tranvía, nin ser cruzada a nivel por ningunha senda, vía de comunicación ou servidume de paso.
- c) Constar de distintas calzadas para cada sentido de circulación, separadas entre si, salvo en puntos singulares ou con carácter temporal, por unha franxa de terreo non destinada á circulación ou, en casos excepcionais, por outros medios.

67. Autovía. Estrada especialmente proxectada, construída e sinalizada como tal que ten as seguintes características:

- a) Teren acceso limitado a ela as propiedades lindeiras.
- b) Non cruzar a nivel ningunha outra senda, vía, liña de ferrocarril ou tranvía, nin ser cruzada a nivel por ningunha senda, vía de comunicación ou servidume de paso.
- c) Constar de distintas calzadas para cada sentido de circulación, separadas entre si, salvo en puntos singulares ou con carácter temporal, por unha franxa de terreo non destinada á circulación, ou por outros medios.

68. Vía para automóviles. Vía reservada exclusivamente á circulación de automóviles, cunha soa calzada e con limitación total de accesos ás propiedades lindeiras, e sinalizada cos sinais S-3 e S-4, respectivamente.

69. Estrada convencional. Estrada que non reúne as características propias das autoestradas, autovías e vías para automóviles.

70. Poboación. Espazo que comprende edificios e en cuxas vías de entrada e de saída están colocados, respectivamente, os sinais de entrada a poboación e de saída de poboación.

71. Travesía. Tramo de estrada que discorre por poboación. Non terán a consideración de travesías aqueles tramos que dispoñan dunha alternativa viaria ou variante á cal ten acceso.

72. Vía interurbana. Vía pública situada fóra de poboación.

73. Vía urbana. Vía pública situada dentro de poboación, excepto as travesías.

74. Vía ciclista. Vía especificamente acondicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal e vertical correspondente, e cuxo largo permite o paso seguro destes vehículos.

75. Carril bici. Vía ciclista que discorre pegada á calzada, nun só sentido ou en dobre sentido.

76. Carril bici protexido. Carril bici provisto de elementos laterais que o separan fisicamente do resto da calzada, así como da beirarrúa.

77. Beirarrúa bici. Vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa.

78. Pista bici. Vía ciclista segregada do tráfico motorizado, con trazado independente das estradas.

79. Senda ciclable. Vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.

80. Detención. Inmobilización dun vehículo por emerxencia, por necesidades da circulación ou para cumprir algún precepto regulamentario.

81. Parada. Inmobilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo.

82. Estacionamento. Inmobilización dun vehículo que non se encontra en situación de detención ou parada.

## ANEXO II

## Infraccións que comportan a perda de puntos

O titular dun permiso ou licenza de condución que sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que a continuación se relacionan perderá o número de puntos que, para cada unha delas, se sinalan a continuación:

	Puntos
1. Conducir cunha taxa de alcohol superior á regulamentariamente establecida: Valores mg/l aire expirado, máis de 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade, máis de 0,30 mg/l) . . . . .	6
Valores mg/l aire expirado, superior a 0,25 até 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade, máis de 0,15 até 0,30 mg/l) . . . . .	4
2. Conducir con presenza de drogas no organismo . . . . .	6
3. Incumprir a obrigaón de someterse ás probas de detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo . . . . .	6
4. Conducir de forma temeraria, circular en sentido contrario ao establecido ou participar en carreiras ou competicións non autorizadas. . . . .	6
5. Conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radares ou cinemómetros ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico. . . . .	6
6. O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre . . . . .	6
7. A participación ou colaboración necesaria dos condutores na colocación ou posta en funcionamento de elementos que alteren o normal funcionamento do uso do tacógrafo ou do limitador de velocidade. . . . .	6
8. Conducir un vehículo cun permiso ou licenza de condución que non o habilite para isto . . . . .	4
9. Guindar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios, accidentes de circulación ou obstaculizar a libre circulación . . . . .	4
10. Incumprir as disposicións legais sobre preferencia de paso e a obrigaón de deterse no sinal de stop, ceda o paso e nos semáforos con luz vermella acendida . . . . .	4
11. Incumprir as disposicións legais sobre adiantamento poñendo en perigo ou entorpecendo aqueles circulen en sentido contrario e adiantar en lugares ou circunstancias de visibilidade reducida . . . . .	4
12. Adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo ciclistas . . . . .	4
13. Efectuar o cambio de sentido incumprindo as disposicións recollidas nesta lei e nos termos establecidos regulamentariamente . . . . .	3
14. Realizar a manobra de marcha atrás en autoestradas e autovías . . . . .	4
15. Non respectar os sinais ou as ordes dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico. . . . .	4
16. Non manter a distancia de seguranza co vehículo que o precede . . . . .	4
17. Conducir utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á condución ou utilizar manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación. . . . .	3
18. Non facer uso do cinto de seguranza, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección . . . . .	3
19. Conducir un vehículo tendo suspendida a autorización administrativa para conducir ou tendo prohibido o uso do vehículo que se conduce. . . . .	4
20. Conducir vehículos utilizando mecanismos de detección de radares ou cinemómetros . . . . .	3

A detracción de puntos por exceso de velocidade producirase de acordo co establecido no anexo IV.

## ANEXO III

### Cursos de sensibilización e reeducación viaria

A duración, o contido e os requisitos dos cursos de sensibilización e reeducación viaria serán os que se establezan mediante orde do ministro do Interior.

1. Obxecto. Os cursos de sensibilización e reeducación viaria terán por obxecto concienciar os condutores sobre a súa responsabilidade como infractores e as consecuencias derivadas do seu comportamento, en especial respecto aos accidentes de tráfico, así como reeducalos no respecto aos valores esenciais no ámbito da seguraza viaria, como son o aprecio á vida propia e allea, e no cumprimento das normas que regulan a circulación.

A realización destes cursos terá como obxectivo final modificar a actitude na circulación viaria dos condutores sancionados pola comisión de infraccións graves e moi graves que comporten a perda de puntos.

2. Clases de cursos. Poderanse realizar dúas clases de cursos:

a) Os cursos de sensibilización e reeducación viaria para aqueles condutores que perdesen unha parte do crédito inicial de puntos asignados. A superación con aproveitamento destes cursos permitiralles recuperar até un máximo de seis puntos, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nesta lei. A súa duración máxima será de quince horas.

b) Os cursos de sensibilización e reeducación viaria para aqueles condutores que pretendan obter de novo o permiso ou a licenza de conducción tras perder a totalidade dos puntos asignados. A superación con aproveitamento destes cursos será un requisito previo para que o titular da autorización poida obtela de novo, sempre que cumpra os requisitos establecidos nesta lei. A súa duración máxima será de trinta horas.

3. Contido dos cursos. O contido dos cursos de sensibilización e reeducación viaria versará, principalmente, sobre aquelas materias relacionadas cos accidentes de tráfico, coas súas causas, consecuencias e os comportamentos adecuados para evitalos.

4. Centros de reeducación viaria. Os centros que vaian xestionar estes cursos contrataranse de acordo co establecido na lexislación de contratos do sector público.

## ANEXO IV

## Cadro de sancións e puntos por exceso de velocidade

*Infracción sobre exceso de velocidade captado por cinemómetro*

Límite	20	30	40	50	60	70	80	90	100	110	120	130	Multa	Puntos			
Exceso velocidade	Grave	21	31	41	51	61	71	81	91	101	111	121	131	100	-		
		40	50	60	70	90	100	110	120	130	140	150	150				
		41	51	61	71	91	101	111	121	131	141	151	151			300	2
		50	60	70	80	110	120	130	140	150	160	170	170				
	51	61	71	81	111	121	131	141	151	161	171	171	400	4			
60	70	80	90	120	130	140	150	160	170	180	180						
61	71	81	91	121	131	141	151	161	171	181	181	500	6				
70	80	90	100	130	140	150	160	170	180	190	190						
Moi grave	71	81	91	101	131	141	151	161	171	181	191	191	600	6			

Nos tramos de autovías e autoestradas interurbanas de acceso ás cidades en que se establecesen límites inferiores a 100 km/h, os excesos de velocidade sancionaranse coa multa económica correspondente ao cadro de sancións do anexo IV. O resto dos efectos administrativos e penais só se producirá cando superen os 100 km/h e nos termos establecidos para este límite.

## ANEXO V

## Datos de busca a que poderán acceder os órganos competentes españois

## 1. Datos relativos ao vehículo:

Número de matrícula.

Estado membro de matriculación.

## 2. Datos relativos á infracción:

Estado membro da infracción.

Data da infracción.

Hora da infracción.

Código do tipo de infracción que corresponda segundo o cadro seguinte:

Código	Tipo de infracción
Código 1	Exceso de velocidade.
Código 2	Conducción con taxas de alcohol superiores ás regulamentariamente establecidas.

Código	Tipo de infracción
Código 3	Non utilización do cinto de seguranza ou doutros sistemas de retención homologados.
Código 4	Non detención ante un semáforo en vermello ou no lugar prescrito polo sinal de «stop».
Código 5	Circulación por un carril prohibido, circulación indebida pola beiravía ou por un carril reservado para determinados usuarios.
Código 10	Condución con presenza de drogas no organismo.
Código 11	Non utilización do casco de protección.
Código 12	Utilización do teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo de comunicación durante a condución cando non estea permitido.

## ANEXO VI

### Datos que facilitarán os órganos competentes españois

1. Datos dos vehículos:
  - Número de matrícula.
  - Número de bastidor.
  - Estado membro de matriculación.
  - Marca.
  - Modelo.
  - Código de categoría UE.
2. Datos dos titulares, condutores habituais ou arrendatarios a longo prazo:
  - Apelidos ou denominación social.
  - Nome.
  - Enderezo.
  - Data de nacemento.
  - Sexo.
  - Personalidade xurídica, persoa física ou xurídica; particular, asociación, sociedade, etc.
  - Número identificador: número do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, número de identificación fiscal de persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

## ANEXO VII

### Carta de Información

[Portada]

.....  
[Nome, enderezo e teléfono do remitente]

.....  
[Nome e enderezo do destinatario]

### CARTA DE INFORMACIÓN

[Relativa a unha infracción de tráfico en materia de seguranza viaria cometida en.....]

.....  
[Nome do Estado membro en que se cometeu a infracción]

[Páxina 2]

O.....  
[Data] [Nome do organismo responsable]

detectou unha infracción de tráfico en materia de seguranza viaria cometida co vehículo con matrícula....., marca....., modelo.....

[Opción n.º 1] (1) O seu nome figura nos rexistros como titular do permiso de circulación do vehículo mencionado.

[Opción n.º 2] (1) O titular do permiso de circulación do vehículo mencionado declarou que vostede conducía o vehículo no momento de se cometer a infracción de tráfico en materia de seguranza viaria.

Os detalles pertinentes da infracción descríbense a continuación (páxina 3).

O importe da sanción pecuniaria debida por esta infracción é de ..... EUR/[moeda nacional].

O prazo de pagamento vence o.....

Aconséllaselle cubrir o formulario de resposta adxunto (páxina 4) e envíalo ao enderezo mencionado, en caso de non aboar a sanción pecuniaria.

A presente carta tramítase conforme o dereito nacional de.....

[Nome do Estado membro da infracción].

(1) Rísquese o que non proceda.

[Páxina 3]

### Datos pertinentes en relación coa infracción

a) Datos sobre o vehículo con que se cometeu a infracción:

Número de matrícula:.....

Estado membro de matriculación:.....

Marca e modelo:.....

b) Datos sobre a infracción:

Lugar, data e hora en que se cometeu:.....

Carácter e cualificación legal da infracción:.....

Exceso de velocidade, non utilización do cinto de seguranza ou doutros sistemas de retención homologados, non detención ante un semáforo en vermello ou no lugar prescrito polo sinal de «stop», condución con taxas de alcohol superiores ás regulamentariamente establecidas, condución con presenza de drogas no organismo, non utilización do casco de protección, circulación por un carril prohibido, circulación indebida pola beiravía ou por un carril reservado para determinados usuarios, utilización do teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo de comunicación durante a condución cando non estea permitido: (1)

Descrición detallada da infracción:.....

Referencia ás disposicións legais pertinentes:.....

Descrición ou referencia das probas da infracción:.....

c) Datos sobre o dispositivo utilizado para detectar a infracción: (2)

Tipo de dispositivo utilizado para detectar o exceso de velocidade, a non utilización do cinto de seguranza ou outros sistemas de retención homologados, a non detención ante un semáforo en vermello ou no lugar prescrito polo sinal de «stop», a condución con taxas de alcohol superiores ás regulamentariamente establecidas, a condución con presenza de drogas no organismo, a non utilización do casco de protección, a circulación por un carril prohibido, circulación indebida pola beiravía ou por un carril reservado para determinados usuarios, a utilización do teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo de comunicación durante a condución cando non estea permitido (1):

Especificacións do dispositivo: .....

Número de identificación do dispositivo: .....

Data de vencemento da última calibración: .....

d) Resultado da aplicación do dispositivo:.....

[Exemplo para o exceso de velocidade; engadiranse as demais infraccións:]

Velocidade máxima:.....

Velocidade medida:.....

Velocidade medida corrixida en función da marxe de erro, se procede: .....

(1) Rísquese o que non proceda.

(2) Non procede se non se utilizou ningún dispositivo.

[Páxina 4]

## Formulario de resposta

*(Cúbrase con maiúsculas)*

A. Identidade do condutor:

Nome e apelido(s):.....

Lugar e data de nacemento:.....

Número do permiso de condución:.....

expedido o (data):..... en (lugar):.....

Enderezo:.....

B. Cuestionario:

1. Está rexistrado ao seu nome o vehículo de marca.....  
e matrícula.....? si/non(1)

En caso de resposta negativa, o titular do permiso de circulación é:.....

[Apelido(s) e nome, enderezo]

2. Recoñece que cometeu a infracción? si/non(1)

3. Se non o recoñece, explique por que:.....

(1) Rísquese o que non proceda.

Envíese o formulario cuberto nun prazo de 60 días a partir da data da presente carta de información á seguinte autoridade:.....ao seguinte enderezo:.....

## Información

O presente expediente será examinado pola autoridade competente de.....

[Nome do Estado membro da infracción]

Se se suspenden as actuacións, será informado nun prazo de 60 días tras a recepción do formulario de resposta.

Se se proseguen as actuacións, aplicarase o procedemento seguinte:.....

[Indicación polo Estado membro da infracción do procedemento que se siga, con información sobre a posibilidade de interpor recurso contra a decisión de proseguir as



actuacións e o procedemento para facelo. En calquera caso, a información incluirá: o nome e o enderezo da autoridade encargada de proseguir as actuacións; o prazo de pagamento; o nome e o enderezo do organismo de recurso pertinente; o prazo de recurso].

A presente carta de información, en si mesma, carece de consecuencias xurídicas.